

Nº 11

# Outrasvozes

Revista Galega para a Solidariedade · nº 11 · inverno 98/99 · 300 pts

CHILE

## 25 anos despois

Despois do  
Mitch, que?

O E.P.R.  
cercado polo  
siléncio

Entrevista a  
Xanana  
Gusmão

A  
identidade  
Tamezight



© Palacio de la Moneda rodeado de policías. Agosto do 98.  
(Foto Mercedes Alonso)

INFORME:



### A PRISÓN POLÍTICA E AS LUITAS INDÍXENAS EN CHILE





# Pinochet, Pinocho, Pinochile

A detenzón en Londres do xeneral retirado, ex-Xefe de Estado e senador vitalício Augusto Pinochet o pasado 16 de outubro serviu-nos para recuperar un pedazo de historia e para desvelar o auténtico peso do ex-ditador na sociedade chilena actual. O desenvolvemento xurídico do caso ten menos importancia que as súas consecuencias políticas. O feito de que a xustiza española teña ou non competencia para procesá-lo, de se realmente hai un delito ou non de xenocidio, de se existe ou non inmunidade (a punto estiven de escribir "impunidade") diplomática non deixan de ser detalles nimios ante as enormes implicacións políticas da detenzón. Pase o que pase a partir de agora, o xuízo político xa está en marcha.

"Xenocidio" pode perder a súa acepción estritamente xenética para poder significar (intento de) eliminación total ou parcial de grupos diferenciados, como poden ser grupos (opositores) políticos. Se alguén non queda contento con esta xuridicamente posíbel definición sempre temos a denuncia presentada ante a embaixada británica en Santiago de Chile pola asociación mapuche *Meli Wixan Mapu* e pola Agrupación de Detenidos Desaparecidos Línea Fundadora. A acusación: xenocidio (agora si no sentido clásico) en contra da étnia mapuche. As probas: lista de máis de 300 detidos desaparecidos e executados. Con tal masacre pretendíase descabezar o movemento mapuche como grupo político opositor á vez que como grupo cultural e relixioso diferenciado. En canto á impunidade ou prescripción dos delitos, hai que ter en conta que todos os detidos desaparecidos seguen ausentes: non hai corpo que demostre que están mortos e portanto non hai data de finalización do delito: este segue a existir, hoxe en día, cando o acusado deixou de ser xefe de Estado e cando a súa inmunidade si prescreveu. Cobertura xurídica e xudicial para procesá-lo non falta; só cumpre un mínimo de vontade política.

Un sempre mira con desconfianza esta inxerencia estranxeira nos asuntos internos dos Estados, porque por norma xeral fan-se incumprindo as normativas internacionais e en contra dos países que se opoñen á hexemonia estadounidense. O caso de Pinochet é diferente: antigo aliado dos gobernos dos EUA e do Reino Unido, é un xuíz e unha acusación particular (e non un Estado nen un goberno) quen provoca a súa detenzón como responsable de certos crimes cometidos durante a ditadura. A defensa de Pinochet en ningún momento negou os cargos, co que a súa culpabilidade como responsable máximo é óbvia. Por unha vez que a lexislación internacional permite ata-

car o fascismo neoliberal, hai que seguir até as últimas consecuencias.

Mas postos a buscar responsabilidades habería que sentar no banco de reu aos auténticos promotores do golpe de 1973: o goberno

dos Estados Unidos coa axuda dos seus servizos de intelixencia e da dereita e da Democracia Cristiana chilenas. Sabemos que iso non vai pasar, e de aí a pequena desilusión de que todo se reduza á condena (carceraria ou política) dun vello ditador para apaciguar as conciencias mentres os EUA seguen a asasinar masivamente no país que lles pete e mentres ese importante sector da sociedade chilena que apoiou, apoia e apoiará a represión e a ditadura segue afianzando-se no seu poder. Entre eles, responsábeis directos de torturas e asasinatos durante o goberno militar que hoxe en día gozan de altos postos no exército e nas institucións do Estado (o xeneral Fernando Torres Silva, auditor xeral do exército; Rodolfo Stange, senador da Unión Demócrata Independiente [UDI]). Portanto, a detenzón do criminal, apesar da grande alegría que nos provocou, non significa o fin da impunidade.



En Chile iniciouse unha investigación dos crimes dos que se acusa a Pinochet para así poder pedir a súa extradición para presuntamente xulgá-lo no seu país; xuízo que sabemos nunca terá lugar porque o Comandante en Jefe Benemérito do exército chileno atou ben atada a súa sobrevivencia física e política: aí está a inconstitucionalidade do seu nomeamento como senador vitalício (o posto é inconstitucional debido a que o ditador non desempeñara o cargo de Presidente *electo*), aí están as leis de auto-amnistía, aí está a Constitución redactada por el, aí está o senado ocupado por militares e pinochetistas (nomeados e vitalicios) antidemocraticamente.

Todo o país está-se volcando na defensa do seu ditador como se o futuro do mesmo Chile estivese en perigo. Porque Chile é Pinochet, Pinochet é Chile. Non se pode entender o país desde 1973 sen a figura do senador. A dereita chilena, aglutinada en torno ao ex-ditador, é poderosa e ampla. E os antigos inimigos (o Partido Socialista [PS], por exemplo), alia-

dos agora coa outra dereita golpista (a Democracia Cristiana [DC]), ambigüamente non acaban de aplaudir a decisión do Reino Unido de deter o Pinocho. A argumentazón é que o mantemento da transición é máis importante que o fin da impunidad. É un argumento que desvela por onde van os tiros no que á política chilena se refire: a dereita máis abertamente pinochetista governa desde a oposición. O goberno ten que aceptar pactos impostos polo tremendo poder da dereita, que segue a saír vencedora.

A pregunta é: por que a detención dun individuo (un delincente) provoca a maior crise política na sociedade chilena desde 1973? Porque Pinochet é Chile. Se a poderosa maquinaria da dereita segue cegamente as directrices de Pinochet (como se pudo observar cando en agosto pasado o senador vitalicio, após un acordo secreto coa DC, decidiu votar a favor da abolición do 11 de setembro como día festivo, sorprendendo (deixando en pelotas) a unha Renovación Nacional (RN) e a unha UDI, ambos partidos pinochetistas, que obedientemente votaron unanimemente segundo as consignas do ditador), se o Senado está en maos da dereita que coarta calquer proxecto ou lei que non lles satisfaga, se o Exército nomea ao delincente Comandante en Jefe Benemérito xusto despois do seu refiro, a sombra alongada do nariz de Pinocho cobre tamén os partidos e xentes de esquerdas que en tempos sufriron a súa represión e o combateron. O Partido Comunista (PC), único partido da esquerda parlamentaria que non forma parte da coalición governamental (Concertación), enfocaba toda a súa estratexia cara a eliminación do ditador, deixando de lado outros obxectivos como pode ser a transformación da sociedade.

Os tres partidos social-demócratas da Concertación, incluído o PS de Salvador Allende, gobernan en alianza coa DC, que foi un dos promotores do golpe de 1973. Tal alianza non pode ser menos que sospeitosa. A reacción do PS ante a detención de Pinochet reflicte o pensamento e a práctica política da DC: coas forzas armadas hai que pactar; non se pode un enfrenar a elas. (Aqui habería que diferenciar a actitude de socialistas que participan no goberno da de parlamentarios e parlamentarias socialistas, sempre máis libres para a denuncia). Foi esa mesma Concertación na que participan os socialistas quen lle concedeu un pasaporte diplomático a Pinochet co único obxectivo de protexé-lo. Deste xeito o xuízo a un individuo disfarza-se de inxerencia política; o nome de Pinochet equipárase ao de Chile.

En canto á esquerda extraparlamentaria ou á sociedade en xeral, a sombra do ditador produce por un lado un terror paralizante (que triste ver todo Chile mobilizado a favor del; que tímida a reacción da povoación anti-pinochetista) e por outro unha asunción das teses governamentais que son as da dereita pinochetista e que expresa en recente

artigo na prensa española o que se pretende loitador anti-fascista Jorge Edwards: mirar cara adiante, non despertar o monstro militar.

O mesmo Jorge Edwards sitúa-se nun pretendido punto intermedio, acusando a (segundo el) minoría de extrema dereita e a minoría da "esquerda revanchista" de promover os disturbios de Santiago posteriores á detención. Agora resulta que pedir xustiza, que pretender recuperar a memoria, que perseguir os crimes non é máis que "revanchismo". Outros (Aristides Royo, embaixador de Panamá en Franza) din literalmente que "tanto os que foron os seus partidarios como os seus adversarios e os seus inimigos aceptaron o borrón e conta nova e respectaron o pacto de convivencia aínda que tivese sabor de cicuta". Gran mentira: son moitos os partidos, colectivos e individuos os que nunca aceptaron nen aceptarán este "borrón e conta nova". Aínda que se tratase dunha soa persoa, resulta indignante despachar con esa frivolidade a súa liuta xurídica de anos para enxuizar os culpábeis.

O medo ao militar semella ter producido unha miopia xeral no país. Porén, é un medo real que nós, desde fora, non somos quen de criticar: a dereita, como no 73, volveu crear un clima de ameazas e desestabilización que os chilenos e chilenas coñecen moi ben e cuxas consecuencias temen (ameazas e agresións que tamén afectan cidadáns e intereses españois no país austral). A mesma miopia leva a outros (a dereita cubana de Miami; aínda que a idea estivese nas mentes de moitos outros) a presentar unha denuncia por xenocidio contra Fidel Castro. E un tamén se alegra do feito, aínda que só sexa para que sexan os propios tribunais os que boten por terra, desde o punto de vista legal, tal absurdo.

O perigoso de todo este asunto é que a denuncia da violación dos dereitos humanos se restrinja á época da ditadura. O neoliberalismo, afianzado en moitas partes do mundo grazas á imposición de ditaduras, fai un lavado de cara sacrificando os seus ditadores. Mas a represión continua, máis sutilmente, iso si; máis "civilizadamente". Mas calquer desvío da norma é implacablemente castigado. Dicer que en Chile existe hoxe en día unha democracia é tan falso como é decepcionante condenar Pinochet e dar-lle carpetazo a todas as acusacións pendentes contra o goberno militar. A detención de Pinochet só tería sentido se servise para que en Chile se abrisen verdadeiros procesos contra todos os criminais da ditadura. E para cambiar a sociedade. Xenocidio é "impor ao grupo, deliberadamente, condicións de vida encamiñadas a producir a súa destrución total ou parcial" (Convénio da ONU do 9/12/1948, 2º artigo): o povo mapuche, o aymara, o rapa nui, o atacameño, o kawéskar sofren desde hai séculos unha imposición de condicións de vida que os destruiu ou está destruíndo como grupos étnicos. Chaman-lle "chilenización". Intensificou-se durante a ditadura. Continua vivente na actualidade.



# INFORME



A policía impide o paso a unha muller mapuche durante unha marcha indíxena sobre Santiago de Chile.

## A PRISIÓN POLÍTICA E AS LUITAS INDÍXENAS EN

# Chile

O seguinte caderno fixo-se posíbel grazas á colaboración, apoio e hospitalidade de todas as persoas coas que a brigada do COSAL se topou en Chile durante os meses de xullo e agosto de 1998. A todas e todos eles o noso agradecemento e solidariedade: Sandra Bravo, Héctor Morales, Angélica Sepúlveda, Mauricio Villarroel e Irma Véliz en Santiago; Francisca Curriao, Carmen Rosa Paine Tranamil, Rodrigo Fúster e Chelo no Alto Biobío; Alvaro Soto; a todas e todos os entrevistados; aos presos e presas, cuxos nomes recolleemos máis adiante; e grazas especiais a Lilia Díaz, que nos ofreceu múltiples contactos, nos facilitou a entrada aos cárceres de alta seguridade e nos acolleu na súa casa. E, como non, a Alejandro.



**CHILE**  
**1 -kiñe-**

(Numeración en Mapuche)

# Chile: a esquerda desorientada

Alberte Pagán

En Chile a desaparición do xeneral Augusto Pinochet como presidente da república deixou en certa confusión á esquerda revolucionaria: o inimigo, até ese momento tan óbvio, disfarzara-se de civil. O PC, que invocara demasiado obcecadamente a figura do ditador como obxectivo primordial, volcou-se nunha carreira electoralista, sacrificando mesmo os "seus" presos, os presos da FPMR detidos en "democracia". Porque o novo rexime lavou-se as maos liberando, indultando ou amnistiando os prisioneiros e prisioneiras políticas pre-1990, convertindo aos ollos da sociedade todo movemento armado post-1990 en "banda terrorista". Os grupos que foran definidos como políticos até as 00:00 horas do día 10 de marzo de 1990 de repente amañeceran "terroristas" o 11 de marzo de ese ano.

Mas nada cambiou en Chile, un país que segue a rexer-se por unha constituición e unhas leis promulgadas durante a ditadura, un país cuxo goberno está presidido por un señor que alentou o golpe de Estado de 1973 e que hoxe protesta pola detención do criminal en Londres. A represión policial non só non se suavizou senón que, en certos aspectos, se intensificou: matanza de Apoquindo, criazón de cárceres de alta seguridade, condenas exaxeradas (condenas a cadea perpétua por secuestro [o caso de M<sup>a</sup> Cristina San Juan] mentres algun dos poucos militares condenados por asasinato reciben condenas de tres anos)... A socialdemocracia fai-lle o xogo á democracia cristiá que lle fai o xogo aos militares.

A esquerda revolucionaria chilena tardou en recuperar-se do golpe. Son poucos (os mais activos foron executados —12 rodriguistas asasinados en xuño de 1987 como represalia polo atentado contra Pinochet—, están exilados, no cárcere ou se integraron no goberno da Concertación), mal organizados e con poucos apoios. Intentos de coordinación de todas as organizacións subversivas non faltaron, mas o camiño é longo. Vislumbra-se certa esperanza en ocasións concretas, como durante as mobilizacións de marzo pasado, cando o nomeamento de Pinochet como senador vitalicio, ou durante o

sempre reivindicativo mes de setembro.

En democracia produce-se un período de axuste nos partidos político-militares. A FPMR abandona as armas, mas unha escisión, o Destacamento Raúl Pellegrín, continua co accionar armado. No MIR (que, á parte dun par de accións armadas nos 90, deixa de operar) crea-se unha nova instancia armada, o EGP-PL. E o MAPU-Lautaro continua co seu accionar militar. A grande maioría dos presos e presas actuais pertencían a esta última organización. Hoxe en día nengun destes partidos está minimamente organizado. En todos os seus militantes produciuse unha revisión dos modos organizativos: critica-se o verticalismo previo e busca-se unha participación popular e das bases mais directa na toma das decisións.

A sociedade civil tampouco está organizada. Desde os cárceres e desde os grupos de apoio aos presos e presas (asociacións de familiares e amigos/as) busca-se desesperadamente un referente: identifican-se coas luitas dos bairros marxinais (dos que proceden case todos), coas reivindicacións dos povos orixinarios, cos movementos punk e ácratas, coas peñas de fútbol mais subversivas (La Garra Blanca, seguidores do Colo-Colo)... Existen ganas de unificar todas as pelexas nun só movemento revolucionario, mas a tarefa é dura. O tecido social está totalmente desfeito e, non o esquezamos, a dereita é aínda mui poderosa no país: vexan-se se non as manifestacións de apoio a Pinochet cando a súa detención en Londres e o medo da esquerda a saír á rua para aplaudir a decisión do xuíz Garzón. Porque o medo é unha arma poderosa que está en maos da dereita golpista e dos militares.

A atomización da esquerda revolucionaria alcanzou aos mesmos revolucionarios detidos no CAS: os 63 presos (recén acaba de saír en liberdade Miguel Manque, mapuche militante do Lautaro) agrupan-se en seis colectivos diferentes dentro da mesma cadea. As presas manteñen unha maior unidade.

A sociedade chilena acusa os presos políticos de seren terroristas. Mesmo ex-compañeiros dos presos lles aplican ese termo (non con-

## Violazón dos direitos humanos e impunidade en Chile\*

Alberto Espinoza

O poder das Forzas Armadas logra o seu máximo recoñecemento na democracia de hoxe. A Pinochet se lle reconece a calidade de Comandante en Xefe Benemérito e ocupa unha cadeira senatorial con carácter vitalicio. Os Dereitos Humanos constitúen unha expresión de recente data na historia da humanidade. A democracia é un termo mais antigo que se recolle desde a antiga cultura grega. A impunidade, en cambio, supera as barreiras do tempo e asocia-se con facilidade a diversos sistemas políticos e económicos.

A visión dos Dereitos Humanos estivo asociada de xeito directo á violazón dos mesmos; a perspectiva de vítima ten un sentido restritivo, esencialmente pasivo e inmovilizador. É indispensable entender que a violazón dos Dereitos Humanos non é algo

novo, senón un fenómeno consustancial ao desenvolvemento dunha situación de orde material intimamente vinculado a modelos de sociedade que se sustentan na desigualdade e un sistema económico capitalista de corte neoliberal cuxa base ideolóxica dá-se curiosamente no marco dun sistema político chamado democracia representativa.

Neste contexto e para a supervivencia do sistema produce-se a violazón dos dereitos humanos, fenómeno esencial para a conservación dun estado de cousas notavelmente inxusto no económico e social e profundamente non democrático no político.

O noso país, así como os demais de América Latina, viveu dramaticamente a experiencia política das ditaduras militares da década dos setenta



CHILE

2 epu

vén esquecer que moita xente do MIR se pasou ás filas do PS e outros do MAPU ás do PPD. É dicir, da subversión pasaron a formar partes da institucionalidade represora). Os presos políticos chilenos non son terroristas, aínda xuridicamente. Os alegatos dos seus avogados son exactamente os mesmos que cando se trataba de presos e presas da ditadura. Legalmente o Lautaro, por exemplo, non está considerado un grupo terrorista. É raro ver a palabra "terrorista" en *El Mercurio*, o xornal máis importante de Chile, rabiosamente pinochetista, cando falan dos partidos político-militares (*El País* tería moito que aprender del). Segundo a lei anti-terrorista, terrorista é aquela persoa que realiza accións que infunden terror na poboación. Como nos dicía Lilia Díaz, voceira das presas: "Nengun organismo ou estrutura armada da esquerda pretende causar terror na poboación porque o seu interese é precisamente traballar en a poboación e con a poboación." Os militares, que son os auténticos terroristas, teñen agora o atrevimento de xulgálos. Como se iso non bastase, son xulgados dúas veces polo mesmo "delito": pola xustiza civil e pola militar (o 94% dos procesos rematados tivo lugar en fiscalías militares). Mentres os culpábeis de xenocidio e terrorismo internacional gozan da máis vergoñenta impunidad, o goberno chileno, que se pretende democrático, asasina, tortura e encerra a calquer que mostre sinais de disidencia. A democracia neoliberal é a ditadura por outros medios.

En Chile hai actualmente máis de 100 presos e presas políticos. Os homes están recluídos no Cárcel de Alta Seguridad (CAS) de Santiago (maioritariamente) e en penais de Concepción e La Serena. As mulleres, á parte de dúas en Talca e unha (M<sup>a</sup> Cristina San Juan, condenada a cadea perpétua por, entre outros cargos, o secuestro de Cristián Edwards) no Hospital Penitenciario de Santiago, encontran-se recluídas na Sección Especial de Alta Seguridad do Centro de Orientación Femenina (SEAS-COF) de Santiago. Vaia desde aquí o noso agradecemento a todas elas (Rosa Vargas, Ana M<sup>a</sup> Sepúlveda, Pilar Peña, Giovanna Tabilo, Oriana Alcayaga, Doris Ojeda, Margarita Reveco, Magdalena Gallardo, Roxana Cerda, María Medina y Eugenia Mellado) por ter-nos recibido, por entregar-nos material subversivo, polos risos e pola

comida á que nos convidaron. E grazas aos seis presos do CAS que compartiron tres horas connosco: Marcelo Villarroel, Jorge Mateluna, Víctor González, Pedro Rosas, Jaime Pinto e Marcelo Gaete (voceiros, respectivamente, dos seis colectivos internos: Kamina Libre, Colectivo Rodriguista, Agrupación de Presos Norma Vergara, MIR, MAPU-Lautaro e América Libre). A elas visitámolas o 11 de agosto, uns días despois da visita de Hebe de Pastor Bonafini á mesma cadea; a eles, o 20 de agosto.

Todas elas foron detidas entre 1991 e 1994; eles entre agosto de 1990 e febreiro de 1998. A maioría están procesadas e procesados por asociación ilícita terrorista e por pertenza a grupo armado en espera de senténcia. Tanto elas coma eles conseguiron certos derei-



"Eu non lle dou a mao a un represor e menos a unha mao que tortura" (Hebe de Bonafini explicando por que non lle deu a mao ao director do hospital penitenciario de Santiago). Na foto, o presidente Frei non ten reparos en dar-lle a súa a un asesino.

tos (no que atinxe a visitas e vida cotiá interna) despois de numerosas e longas folgas de fame.

[Enderezos de interese:  
pres@s politic@s: Páxina web: [www.letelier.com/presos](http://www.letelier.com/presos). Correio-e: [pres@letelier.com](mailto:pres@letelier.com)  
Comité 119: Alameda 1302, oficina 131, Santiago de Chile. <http://www.geocities.com/CapitolHill/Senate/8553/index.htm/>  
<http://www.brujula.cl>  
La SurDA (revista e colectivo): Casilla 51305 - Correo Central, Santiago de Chile  
Casa SurDA: Esperanza 238, Tel: +56+02+6817980. Correio-e:

e oitenta, no contexto dunha política imperialista dirixida desde os Estados Unidos para frear o avance dos movementos sociais que surxiron á calor da revolución cubana e como consecuencia das profundas iniquidades que xeraba o capitalismo de posguerra. Como doutrina cuñou-se o concepto de "Doutrina da Seguridade Nacional" e baixo o seu amparo desenvolveu-se unha política de terrorismo de Estado que tiña por obxecto consolidar un sistema económico inxusto e discriminatório.

Baixo a dinámica da "guerra interna" e o "combate á subversión" desatou-se o terror na poboación cuxa expresión fíxose manifesta através da persecución, o extermínio, a morte, o exilio, a tortura e o método perverso da detención seguida da desaparición das persoas; deste xeito impón-se unha política económica que garante os intereses dun sector social



Policias reteñen unha manifestación, coa presenza das Nais de Maio, diante do Pazo da Moeda.



mento baixo as mesmas premisas normativas da ditadura, a intervenção da xustiza militar, a tortura, os xufzos prolongados e os dobres procesamentos por unha mesma conduta.

A materialización do modelo económico supón necesariamente un rexime policial e represivo que se manifesta através da violación dos Dereitos Humanos. Violación que se lexitima na medida en que o modelo conta coa aceptación dos xestores civís do poder, quen se sosteñen por compromisos ou pactos que garantan a

impunidade respecto aos feitos do pasado e a tolerancia da impunidade presente e futura, cruzando a barreira do tempo, xerando un dano á memoria histórica dos povos que é notavelmente pernicioso desde o punto de vista ético porque constitue unha expresión perversa de corrupción e imoralidade.

[Texto remitido pola ODEP (Organización de Defensa Popular). Enderezo de contacto: Catedral 1029, oficina 508, Santiago, Chile. Correo-e: odep@reuna.cl]

## "Nunca crimos o conto da 'democracia'"

### Comunicados das presas políticas chilenas

#### Declaración ao povo de Chile:

#### Amor e Revolución: iso somos

Un día quixemos despertar do pesadelo do sometimento e decidimos ser nós: mulleres plenas e libres lutando pola Felicidade Popular.

Neste empeño fixémonos subversivas e así, sucesivamente, percorrímos a historia para atrás e para adiante, descubrimos que a Revolución tivo moitos rostos (de indíxenas, de traballadores, de camponeses, de mulleres...), tomamos os antigos e os sementamos en terra nova, tomamos os novos e os recriamos con sabedoría ancestral...

Entón aconteceu un grande parto: nós mesmas recoñecendo-nos milenarias e contemporáneas, despertando subversivas e revolucionarias, decidindo ser mulleres plenas e libres vivendo e facendo a Revolución.

Vimos facendo a nosa vida —a guerra dos soños— cunha mochila enchidiña de paixóns, esperanzas, penas e alegrías, amores, fuis, paisaxes e cores. Crecimos no meio da barricada e os combates; aprendimos a vivir clandestinas e felices, a usar as armas para transformar a vida, a espallar a vida por ruas e territorios, a xestar a vida nos nosos ventres... Cos nosos fillos, cos nosos amores, coa felicidade concretada aquí e agora, fomo-nos facendo parte da xente: hoxe recoñecemos-nos nas suas prazas, camiños, murallas. Xunto ao lume nos currunchos fixemo-nos parte imborrável da historia do Xigante Popular Chileno.

Esta modernidade de merda e a sua cultura de mercaderes non pode permitir-se a nosa existencia. Porque somos parte do País Popular, soñadoras e lutadoras inclaudicáveis: torturan-nos, vulgan-nos, matan-nos e encerran-nos.

Prisioneiras Revolucionarias: Somos amor e subversión contra a merda capitalista!

Santiago, febreiro 1996

#### A propósito da nosa historia

Cando a Ditadura comeza a ser inapropiada para os intereses do Capitalismo, este cámbia de modalidade para poder aperfeiçoar (en defensa dos seus propios intereses e en desmedro dos do povo) a institucionalidade herdada da Ditadura.

A resolución dos casos de violacións dos Dereitos Humanos resultaron ser un escollo permanente no proceso de instauración dunha peculiar Democracia, xa que neles están involucrados os componentes do poder gobernante (Gobierno, militares e grupos económicos). É por iso que a realización da Impunidade veu cobrando un carácter cada vez mais fundamental para eles.

A tan comentada prisión de Contreras<sup>1</sup> non foi para os militares un espectáculo no que estaba considerado de antemao o tira e afrouxa entre o Gobierno e os militares. O que se intentou facer aparecer como un esforzo por facer xustiza, na realidade foi a resolución de múltiples intereses: un acordo por un lado entre o Gobierno e os militares, e polo outro entre o Gobierno e a Dereita.

Pola evidencia dos compromisos adquiridos polo Gobierno, os militares e a Dereita, queda claro que a xustiza na nosa Pátria non chegará por ese lado, ficando nas nosas maos o compromiso pola nosa Dignidade como Povo de conquistar a xustiza Plena.

Prisioneiras Políticas  
Cárcere de Homes de San Miguel  
23 de marzo de 1996

#### Os ricos e os pobres: os dous países de Latinoamérica

Mentres nas altas esferas se polemiza teatralmente sobre a incorporación de Pinochet ao Senado, nas ruas de La Legua —glorioso bastión antiditatorial nos anos 80— as forzas policiais desprazan-se xogando á guerra como rambo cagado de medo percorrendo os territorios populares.

Esta vez debe de ser a vergoña de brindar-lle ao ditador o "honor" de ser un "representante do povo" (no caso de que ser membro destas camarillas fose un honor nestes días das mal chamadas "democracias" neoliberais) a que levou a que polo menos se discutira o punto e se provocara algo de escándalo no interior do governo.

Deste xeito un dos criminais mais perigosos e identificados do país erixia-se en "representante" de quen uns días atrás foran mortos, feridos, golpeados e humillados nos bairros baixo a mirada e a paciencia de todos os televidentes nacionais.

A verdade é que o mais perigoso de todo isto nun caso é o que non se ve e noutro o que non se quer ver.

#### O que non se ve

O terrível non é tan só que Pinochet pase a ser parte do Senado, senón que isto ven cerrar a legalización do poder da ditadura coa conformación dunha bancada militar composta por senadores designados e vitalicios con Pinocho á cabeza.

#### O que non se quer ver ou o olvido cotiá

O boinazo do 93 cando os militares ocuparon o edificio Diego Portales cos seus homes-comando nunha clara atitude de intimidación ao governo pola intención de vulgar os militares involucrados en violacións dos Dereitos Humanos durante a ditadura. Muito susto pasou entón a Concertación, mas neste caso o susto pasou a base de ceder: hoxe os membros das Forzas Armadas sometidos a xuízo son un número francamente irrisório.

O exabrupto de Viera Gallo (ex-presidente da Cámara de Deputados) ao dicir con razón que Pinochet é un ladrón (esta vez de bens e non de vidas). Tras a exixencia dos militares e previa intervención de [Eduardo] Frei e o seu Ministro de Defensa, retracta-se e pede desculpas.

As recentes declaracións do Comandante en Xefe do Exército indicando que non se metan con Pinocho que conta co apoio



incondicional da institución estexa ou non en servizo activo.

As declaracións dos empresarios do país quen asustados pola crise económica que se achega polos desaxustes provocados na bolsa de valores de Xapón solicitaron (exixiron?) publicamente ao goberno non profundizar nos conflitos cos militares.

### A nosa opzón

A finais dos 80 algúns de nós cuestionamos a participación no Plebiscito<sup>3</sup> como un dos camiños que nos libertaría da ditadura. Daquela cuestionaron-nos e acusaron-nos de ter algo así como unha marcada opzón pola violencia, facendo caso omiso das razóns que esgrimíamos: o Plebiscito representaba nada máis que un primeiro paso na tarefa de maquillar o goberno militar e as súas bases con roupas e rostos civís.

As forzas revolucionarias (Lautaro, FPMR e MIR) afirmamos daquela que os socialdemócratas deste país rematarían por administrá-lo coas leis herdadas da ditadura, leis que foran elaboradas para favorecer os ricos e os militares.

Por esa razón continuamos á marxe do circo eleitoral, optando por unha transformación radical da sociedade ditatorial e mercantil

Por desgraza non nos equivocamos e a historia confirmou a nosa lectura. As leis foron profundizadas: o mercado é cada día máis deus e os asasinados son lexisladores. Como pode entón alguén afirmar que a nosa liuta non é lexítima?

### Oito anos de Goberno

O Goberno da Concertación propuxo-se a transformación paulatina de este país mediante a formulación das súas leis. Sen embargo, como veu quedando en evidencia nestes anos, as reformas en materias sociais e políticas non produciron transformacións substantivas en beneficio da maioría da xente do noso país, máis aínda, a distribución de ingresos polarizouse concentrando maior poder adquisitivo nun menor número de xente. En cambio, as reformas en materia represiva van vento en popa. Se falamos de cifras, cada vez van máis ingresos a Gendarmería. Se falamos de feitos, a lexislación presente permite masacres como o de Apoquindo no 93, a cotiá detención por sospeita de xovens populares, a tortura como método permanente nos cuarteis policiaís, as mortes en comisarias e rexi-

mentos, a toma policial dos bairros e a existencia de máis de 100 presos políticos sometidos a constantes hostigamentos nos cárceres de alta seguridade. Destruíse Lota<sup>4</sup>, encarceráronse os mapuche por defender as súas terras ancestrais en Lumako, reprímese brutalmente os xovens que protestan no cumpreanos de Pinochet, nos hospitais deixan morrer os nenos que non teñen respaldo económico, criou-se a lei de violencia nos estádios para controlar e reprimir as peñas e a todos os que utilizan aquela especie de catarse futbolística para expresar as raibas e rebeldía contidas...

E así seguimos democratizando-nos... Divinizou-se o mercado e a seguridade cidadá para protexer as vidas e bens dos ricos. O Estado transformou-se nun Estado policial, concepto acuñado polos revolucionarios a principios dos 90 e que a moitos pareceu daquela excesivo.

### O Estado Policial e a Seguridade Cidadá

A ditadura introduciu o terror como elemento intimidatorio da sociedade, a democracia da Concertación mantén-o como arma civil de intimidación. Antes chamaba-se Seguridade Interior do Estado, agora Seguridade Cidadá, liuta anti-narcótica ou liuta anti-terrorista. Introduciu-se a idea de que vivemos nun mundo cruel, agobiado polas máis intenzóns dos terroristas e delinquentes (que por suposto son pobres), e polo tanto cumpre protexer-se deles mediante o controle e a vixilancia exhaustiva de todo cidadán, con máis razón se é xoven e popular, por meio de demostracións cotiás do poderío e a omnipotencia policial nas *poblaciones* ("isto non o fan en Las Condes nen en Colónia Dignidad"<sup>5</sup>, sinalaba unha *pobladora* de La Legua hai uns días) e por meio da fabricazón de leis e cárceres exemplarizadoras.

### A vixilancia permanente

Os Cárceres de Alta Seguridade inaugurados no 94 (no caso dos revolucionarios) e no 97 (no das revolucionarias) expandíronse cara os bairros. Deste xeito, as *poblaciones* e outros lugares públicos van-se convertindo pouco a pouco en cárceres sen muros mas con vixilancia permanente; con cámaras, con palizas e mesmo coa destrución dos poucos enseres que teñen os *pobladores*.

Contra a sociedade da indolencia a liuta revolucionaria non só é lexítima senón necesaria.

Resistencia contra os masacres e represóns!

Liberdade para os povos latinoamericanos!

Prisioneiras Políticas-SEAS-COF<sup>6</sup>

Santiago de Chile, 13 de xaneiro de 1998

### Luitamos pola nosa liberdade, a nosa e a de todos

Os subversivos deste país somos odiados polos concertacionistas. Desde o ano 90 ao 93 executaron polo menos 27 combatentes do Movimiento de Izquierda Revolucionaria (MIR), Frente Patriótico Manuel Rodríguez (FPMR) e Movimiento de Acción Popular Unitario Lautaro (MAPU-Lautaro), e aos que nos manteñen encerrados nos seus Cárceres de Alta Seguridade nos lanzaron o máis duro das súas institucións xudiciais. Deste xeito, somos procesados por todas as súas leis especiais e coas condenas máis altas. Un grupo de avogados está dedicado a estudar as leis que nos aplicaron para demostrar que mesmo dentro da súa xustiza son aberrantes. Con isto tamén se intenta que sexa o Goberno quen responda ante estes feitos e a nosa exigencia de liberdade.

Son milleiros as razóns que xustifican e evidencian a lexitimidade da nosa liuta, son milleiros os golpes recibidos que nos falan da necesidade de facer xustiza, de construír os espazos necesarios que posibiliten a nosa Liberdade, que nos permitan exercer o verdadeiro sentido de xustiza que o noso povo necesita e así ir armando o grande proxecto co que todos soñamos, o de un país coa Liberdade de construír-se a si mesmo.

Contra a impunidade: Liberdade e Xustiza plena!

Prisioneiras Políticas. SEAS-COF

Santiago, Chile, xullo de 1998



## As falsas ilusóns e o bloqueo mental dos 90

As prisioneiras políticas vimos con estupor como durante a década dos 90 os partidos políticos de esquerda tradicional e organizacións históricas de dereitos humanos que durante a ditadura luitaron arduamente por acabar coa represión, a tortura, as matanzas, a prisión, o exilio e tanto mais, dun día para outro (11 de marzo de 1990) cambiaran a súa opinión e accións con respecto aos que até o de aquela eran recoñecidos como combatentes e revolucionarios e aos que a partir de entón serían denominados "delinquentes terroristas", mesmo por eses mesmos "compañeiros", ou no mellor dos casos serían inomináveis, quedando así fora das súas preocupacións e discursos.

Non nos asombran as razóns nen as xustificacións que veñen de este poder concertacionista e militar con respecto a este corte acomodado da historia que ilusoriamente fixo unha distinción entre o ocorrido en ditadura o que seguiu a acontecer nesta suposta "democracia", nesta "transición ao mesmo" que negociou os crimes, dores e luitas do noso pobo vividos durante tantos anos. O que de verdade nos deixa perplexas é este bloqueo mental, este silencio dos que críamos que estarían alzando a voz mentres os nosos compañeiros eran asasinados nas ruas da democracia por forzas represivas, mentres éramos torturados en cuarteis policiais ou perante esta permanente política de aniquilamento sistemático e sofisticado ao que nos enfrentamos día a día nestes Cárceres de Alta Seguridade e Desumanización. Realmente non topamos respostas fronte a este vergoñento e triste silencio destes partidos de esquerda e de organizacións "consecuentes" que ao parecer contan só con un concepto parcelado a un momento da historia e que non dá conta, xa que logo, dun verdadeiro compromiso polo cambio real da sociedade. Pois ben, nós seguimos luitando nos 90 porque só víamos que esta democracia era a continuidade de este sistema neoliberal instalado polo militares asasinados.

Prisioneiras Políticas  
SEAS-COF, Santiago, xullo 1998.

## Impunidade e Inxustiza en Chile

(Texto exposto ante a presenza da Presidenta da Asociación Madres de Plaza de Mayo, Hebe de Bonafini, na Sección Especial de Alta Seguridade.)

Sabemo-nos coñecidas. Non quizá no detalle numérico de anos ou cantidades, mas si nas razóns e forzas para lutar. No noso país, como no seu, non hai xustiza, e o dicemos nós, as prisioneiras de este goberno e desde aquí.

Nunca crimos o conto da "democracia": por iso tomamos as armas e seguimos combatendo un goberno que nos anos 90 chamamos de continuidade. Non nos equivocamos cando dixemos que militares e concertacionistas estaban negociando pobres, torturados, executados e detidos-desaparecidos. Non crimos o conto, dixemo-lo e seguimos luitando. Nese camiño e no aperfeizoamento dun terrorífico Estado Policial foron-nos asasinando, torturando e traendo aos seus cárceres; chamáron-nos terroristas e delinquentes e estes apelativos con vergoña debemos dicir que non procedían só do goberno senón dos que se autodenominaban (e seguen a facé-lo) "a esquerda de este país". Aplican-se-nos, para evitar calquer brote subversivo, todas as leis especiais, somos procesadas por Fiscalías Militares e Xulgados Civís e con condenas que eles chaman exemplarizadoras.

Non podemos, nen pretendemos facé-lo, negar a nosa responsabilidade nas actuais condicións. Se estamos así de foidas é porque tamén nós o permitimos. Os distintos procesos de división, un sentimento anticipado de derrota e isto da diversidade e a pluralidade deron-nos un marco demasiado amplo de acción onde en varias oportunidades perdimos o norte; por sorte a inxénua esperanza depositada no voto do 90 está terminando de derrubar-se, e pouco a pouco fomo-nos encontrando. Foron

anos de esforzo do que hoxe aparecen algúns frutos.

Nós fomos armando pouco a pouco un proxecto de liberdade, e se somos sinceras debemos dicir que aínda non temos moi claro como vai. A maior aposta de liberdade estivo na defensa xurídica persoal; algo ten circulado sobre unha saída política, chame-se indulto, amnistía ou estrañamento, mas incapaces de discutir aínda non chegamos a nada como presos. Hai moitas razóns para esta confusión, entre elas o feito de que nos anos 90 a efervescencia democrática cun democratacristao golpista á cabeza do país confundiu as organizacións e concepcións revolucionarias e desde aí comezamos o solitario camiño de ser os presos de ninguén. Nas luitas de todos estes anos a nosa principal forza fomos nós mesmas e os nosos familiares e amigos. Paulatinamente foron-se abrindo espazos; observamos con asombro como para algunhas organizacións a nosa liberdade volveu-se lexítima oito anos despois. Mas para ser xustas temos que dicir que aos poucos pequenos espazos de xovens, de música, de baile, foron compartindo as súas ideas connosco e xuntos fortalecemos a nosa luita contra o inimigo, o capitalismo e o sistema.

Queremos intercambiar experiencias e compartir soños. Como presas políticas non buscamos e nunca pedimos a solidariedade expresada en caridade; buscamos a solidariedade, mas esa que se dá entre quen cos mesmos valores e principios están decididos a combater o sistema. É por iso que dicemos que a nosa liberdade forma parte dun proxecto maior que é a liberdade dos nosos povos.

Prisioneiras políticas  
SEAS-COF  
Santiago, Chile, 27 de xullo de 1998



[Para pór-se en contacto coas presas políticas, escribir a: Lilia Díaz, Carmen 2995, San Joaquín, Santiago de Chile. Tel: +56+02+5513173. Correo-e: lilialejandra@lettera.net]

<sup>1</sup> Manuel Contreras, director da DINA (Dirección Nacional de Información), primeiro e principal símbolo da represión política no país.

<sup>2</sup> La Legua é unha das *poblaciones* (bairros deprimidos) mais pobres e combativas de Santiago.

<sup>3</sup> En 1989 votou-se a continuidade de Pinochet á fronte do goberno.

<sup>4</sup> Enclave mineiro da rexión do Biobío afectado pola reconversión industrial, en cuxos bairros mineiros se rexistan os índices de desemprego mais altos de Chile.

<sup>5</sup> Las Condes é unha das *comunas* (concellos) mais ricas de Santiago. Seu alcalde, Joaquín Lavín, é un dos candidatos da dereita (da Unión Demócrata Independiente -UDI-) para as próximas eleccións presidenciais, e ven de crear un corpo para-policial municipal integrado por ex-carabineros. Colonia Dignidad é un territorio no sul de Chile fundado pola colonia alemá no que funciona unha sociedade paralela de espírito moralista e nacional socialista. Foi desmantelada polo goberno após acusacións de corrupción infantil contra o seu líder, Paul Schäffer, actualmente fuxido da xustiza.

\* As presas políticas foron trasladadas ao COF o 29 de marzo de 1997.



# OS PRESOS DE NINGUÉN

## Cartas e comunicados de presos políticos chilenos

### Declaramos!

Historicamente a prisión política, como expresión nítida das luitas populares contra o capitalismo, fixo valer os seus dereitos e rexiu-se por principios como a solidariedade e a dignidade, aínda nas máis adversas condicións.

Hoxe constatamos na realidade dos Presos Políticos un estado de atomización e descomposición ideolóxica (fenómeno cuxas causas están á base da derrota sufrida polo movemento popular e revolucionario nos últimos anos de ditadura, e en particular pola natureza mesma do cárcere de alta seguridade), situación que, ademais de presentar un cuadro de debilidade político-orgánica ante a maquinaria represora, tende a distanciar-nos de toda posibilidade de asumir un rol activo como suxeitos políticos. Como resposta a esta realidade constituímonos nunha instancia de articulación e coordinación que reúne a tres expresións político-orgánicas: FPMR, MIR e Coordinación Independiente (que agrupan ao 50% do universo de prisioneiros políticos do C.A.S.), baixo unha idea común que, no substancial, concibe o noso esforzo e papel na perspectiva de aportar á reconstrución dun espazo social, solidario e activo coas luitas e movilizacións dos presos políticos, polos seus dereitos e dignidade.

Colectivo de Prisioneros Políticos  
MIR-FPMR-Coordinación  
Independiente  
CAS, Santiago, Chile, outubro 1996

### Declaración pública

A nosa historia non comeza nos 90; somos parte activa do Movemento Popular Chileno, o das Sociedades en Resistencia de 1900, o do Rancquil heroico, o da Unidade Popular e o da Resistencia e Combate Revolucionario contra a ditadura; somos os que non renunciamos á radical transformación da sociedade, os que nen por un segundo crimos o conto do arco da vella e a alegría que se aveciñaba; seguimos sendo, como sempre e máis que nunca, Revolucionarios.

O Chile en "democracia", ao mando dos continuadores da obra pinochetista, no seu intento por perpetuar o neoliberalismo avasallador, e na busca por eliminar calquera ameaza desestabilizadora proveniente das diversas expresións do pobo organizado, importou sofisticados e sinistros métodos de represión, controle e castigo das democracias parlamentarias europeas, destacando principalmente o Estado policial e os Cárceres de Alta Seguridade. Neste campo fai-se evidente a importancia estratéxica que ten para a Concertación a asignación permanente de máis e mellores recursos destinados á aparataxe policial e ao aberrante e corrupto sistema xurídico-penitenciario.

Neste marco inscreven-se a práctica constante e institucionalizada da obtención de confesións mediante a tortura, o duplo xulgamento en fiscalías militares e civís, a brutalidade policiaca e o asasinato selectivo como rasgos claros da continuación perversa da guerra suxa instalada polos militares. Non podemos limitar-nos, única e exclusivamente, aos crimes da ditadura: isto sería descoñecer ou avalar as graves violacións dos dereitos humanos cometidas nos últimos 7 anos.

P.P. Cárcere de Mulleres  
Familiares e Amigos de P.P.s  
P.P.s CAS

Santiago, 5 setembro 1997

### Carta aberta do colectivo América Libre

Compas:  
Desde a perspectiva revolucionaria, a liberdade dos P.P. [Prisioneiros e prisioneiras políticas] é por cima de todo un obxectivo político que se logra -ou non se logra- no contexto da luta de clases. Por tanto, non un fin absoluto, válido por si mesmo, illado da situación concreta que toma dita confrontación. Isto ten algúns alcances específicos para o caso noso e o momento político en que nos topamos. Referimo-nos á intención do bloque dominante de "pechar a transición", de branquear definitivamente o seu pasado ditatorial recente, de lograr a tan desexada "reconciliación". Noutras palabras, o contexto actual en que se

increve a nosa exixencia de liberdade (sempre lexítima, xusta e urgente) ten rasgos e exixencias concretas para nós, pois está definida polos esforzos actuais que fai o poder para consolidar a súa democracia como forma de dominación.

Para nós está claro que as intencións do goberno de achar unha "saída" á problemática dos P.P. é parte deses intentos de consolidación e por tanto buscan que esta "saída" sexa funcional aos seus requirimentos. Vistas as cousas desde esta perspectiva, rexeitamos esta "saída", non queremos ser parte nen cómplices nen inxénus fronte a ela. Isto obriga-nos a profundizar criticamente no que estamos a facer, dotando de contidos políticos distintos a nosa luta pola liberdade.

Non é só a liberdade o que está en xogo. A realidade dos P.P. da ditadura rematou coa liberdade de todos eles porque era "incompatíbel coa democracia", e máis alá da continuación do compromiso revolucionario de moitos de eles, ese término contribuíu a lexítimar esta democracia como forma de dominación.


O problema da liberdade dos P.P. non é unha cuestión de "dereitos humanos" senón un asunto dos revolucionarios e o pobo. Os chamados "dereitos humanos" son un

conceito clave dentro da ideoloxía dominante, relacionados cos de "estado de dereito", "democracia" e outras tonteiras. Son un concepto que involucra moito lamento e impotencia.

Cumpre unha viraxe, ou unha profundización se se quer, en relación á inercia política. Por exemplo, definir o papel da

política para o entono.

O desafío é construír un entono que supere a condición de familiares (aínda que algúns participen



aí) e busque establecer relacións con organizacións populares na perspectiva de conformar un movemento revolucionario con capacidade de convocatoria pola xustiza plena (como concepto contraposto ao de "dereitos humanos").

Algunhas palabras sobre América Libre. Somos un colectivo "instrumental", no sentido de que busca a unidade, o debate e a potencialización da realidade dos P.P. en tanto que revolucionarios. Por iso erguemos unha visión crítica a moitas cousas que se viñeron facendo.

A luta dá-nos o que a lei nos tira!  
América Libre

### Prisión Política: unha aproximación reflexiva

A todos os que avanza polo camiño do cambio

Hoxe en día o obxectivo a cumprir pola prisión política nos gobernos da "transición" é o de derrotar e destruír as organizacións político-militares, que tiveron un importantísimo papel no término da ditadura militar e na construción dunha alternativa popular de novo cuño.

Xa non existe a figura do prisioneiro político da "transición democrática", que non é outra cousa que o produto maior da ditadura e o relevu na implementación dos mecanismos de dominación. Ao facermos unha comparación analítica entre ambas figuras poden-se detectar cambios substanciais, reveladores das buscas e suxeitos do Movemento Popular, en, por exemplo, a filiación política do prisioneiro; a diminución da idade de este podería citar-se como outra característica importante, que de algun xeito se insinua xa nos derradeiros anos da ditadura.

Non hai que esquecer mencionar un aspecto de ribetes altamente preocupantes, que debe chamar á reflexión: a indefensión xurídica, á que hai que sumar a falta de solidariedade nacional e internacional, e que fala da debilidade e aillamento actual dun destacado sector do Movemento Popular, que durante a ditadura cumprira un señoiro papel na luta contra o sistema.

É neste contexto que surxe o Cárcere de Alta Seguridade, cuxo principal obxectivo é tratar de quebrar as organizacións en prisión e os seus



militantes. No interior de estas, e estreitamente ligado ao que foi acontecendo no exterior, vai-se xestando un proceso de autocrítica, desmembramento e rearticulación que deu orixe a dúas formas de ver e entender a prisión política: por unha banda, a denominada *Prisión Combatente* que, en liñas xerais, ve a prisión como un motor do proceso revolucionario. Por outra, unha definición da prisión como un ámbito mais da liuta, sen pretensións de hexemonismo e menos aínda de constituir-se en vangarda, inserida no ámbito dos dereitos humanos e que ten a dignidade e a Liberdade como eixes centrais.

Kolectivo de Prisioneiros Políticos *Kamina Libre*  
CAS, 1998



## Carta do colectivo Kamina Libre aos compañeiros dos Comités de Solidariedade de Galiza

Antes de nada recíbide unha fraternal, kombativa e revolucionaria aperta desde esta entraña do capitalismo.

*Kamina Libre* é un colectivo que se constitúe no interior do CAS en decembro de 1995, conformado por Revolucionarios que levamos entre 8 e 6 anos encarcerados. Provimos das luitas antiditatoriais, da konvición no Socialismo como único xeito de superar o kapitalismo, o que nos levou a kombater decididamente, cos nosos Povos, a forza das armas e os ideais de transformazón, todas as expresións político-sociais con que se ia configurando o neoliberalismo no noso país e o mundo. A comezos dos anos 90 vimo-nos lamentavelmente encarcerados, mas coas konvicións e as certezaas intactas; este konvenzimento leva-nos a seguir inquebrantáveis nesta fermosa liuta kontra a dominazón e quen a sustentan, agregando-se, iso si, este novo ingrediente de percorrer os kamiños da konfrontazón para konquistar a necesária Liberdade para dotar de maior kontundencia a inevitável Vitoria do Empuxe Revolucionario e os Ideais de Emancipazón e Xustiza Social. Nestes anos o noso traballo estivo orientado fundamentalmente á instalazón da realidade e problemática dos Prisioneiros Políticos nos sectores dos nosos Povos sensíveis e konscientes de esta; referimo-nos ao achegamento a diversas organizacións populares, instancias de organización e participazón, difusión e propaganda en territorios populares, kombate de rua, folgas de fame, konquista de dereitos intrapenitenciarios, busca konstante da imprescindível unidade dos diversos kolectivos e partidos existentes no interior da prisión, organización de encontros kon sectores sociais diversos, foros, marchas e todas aquelas actividades que nos konduzan polos vieiros da Revoluzón cara á Liberdade.

Só fica reiterar-vos a nosa hospitalidade e fraternidade na Liuta e Kombate Revolucionario kontra o kapitalismo e quen o sustentan. Entrañavelmente: Kolectivo *Kamina Libre* de Prisioneiros Políticos do Cárcere de Alta Seguridade.

Entre desadaptados, orixinarios e explotados: Unidade!!  
Santiago, 7 de agosto de 1998

[Para pór-se en contacto cos presos políticos: Cárcel de Alta Seguridade (CAS), Avenida Pedro Montt 1902-A, Santiago de Chile.

Contacto para Jaime Pinto, do MAPU-Lautaro, no CAS: Sandra/Ilsen, Piloto Pardo 830, El Tranque, Puente Alto, Santiago de Chile. Tel: +56+02+8507437.

Contacto para Pedro Rozas e Víctor González, do MIR, no CAS: Blanca González, Licoyan 999, Población Pedro Aguirre Cerda, Puente Alto, Santiago de Chile. Tel: +56+02+8506536.

Contacto para Marcelo Villarroel, de Kamina Libre: M<sup>a</sup> Angélica Sepúlveda. Tel: +56+02+2796452. Mauricio Villarroel. Tel: +56+02+7794901.]

## INDICE DE SIGLAS

**Abya Yala:** América. Nome orixinal mais antigo recoñecido polos povos orixinarios.

**CAOS:** Coordinadora Amplia de Organizaciones Sociales. Un dos varios intentos de coordenazón la liuta revolucionaria.

**CAS:** Cárcel de Alta Seguridade. Criada en 1994 para os presos políticos.

**CNI:** Centro Nacional de Informaciones. Xunto coa DINA, instrumento do terrorismo de Estado durante a ditadura.

**CONADI:** Corporación Nacional de Desarrollo Indígena. Organismo oficial nacido á calor da Lei Indígena (1993).

**Concertación:** Concertación de Partidos Por la Democracia (CPD). Nacida en 1988, é unha coalición de partidos que gañou as eleicións de 1989 y 1993. Actualmente está integrada polos partidos PDC, PS, PRSD e PPD, os tres últimos membros da Internacional Socialista.

**CSPP:** Coordinadora Subversiva por una Patria Popular. Intento, en 1992, de coordenazón da liuta revolucionaria.

**CUT:** Central Unitaria de Trabajadores. Integrada polas cinco maiores confederacións do traballo de Chile, cunha dirección maiormente comunista.

**DINA:** Directoría de Inteligencia Nacional. Organismo de seguridade do Estado criado por Pinochet e dirixido por Manuel Contreras, actualmente en prisión. Primeiro e principal símbolo da represión política no país durante a ditadura.

**EGP.PL:** Ejército Guerrillero de los Pobres. Patria Libre. Surxido do MIR en 1991.

**FECH:** Federación de Estudiantes de la Universidad de Chile.

**FEI:** Frente de Estudiantes de Izquierda.

**FPMR:** Frente Patriótico Manuel Rodríguez. Partido político-militar nacido en 1983 das filas do PC. Abandonou a liuta armada en 1987. Produce-se unha división que leva á creación do Destacamento Raquel Pellegrín.

**FRPL:** Fuerzas Rebeldes y Populares Lautaro. Nacidas en 1987.

**GABB:** Grupo de Acción por el Bío-Bío. Grupo ecoloxista que apoia as reivindicacións dos pwenche afectados polo encoro de Ralco, no alto Biobío.

**IC:** Izquierda Cristiana.

**JA:** Juventudes Anarquistas.

**MAPU-Lautaro:** Movimiento de Acción Popular Unitario Lautaro. Ambas tendencias forman o chamado Complejo Mapucista Lautarista. A grande maioría dos presos e presas políticas chilenas pertencen a ou teñen a sua orixe orgánica en este grupo

**MIR:** Movimiento de Izquierda Revolucionaria. Partido político-militar, fundado en 1965. En 1986 escíndese un sector, MIR-Renovado, unha ampla porcentaxe do cal pasaría a integrar-se no PS e, con el, no novo bloco de goberno e nos aparatos represivos.

**MJL:** Movimiento Juvenil Lautaro.

**ODEP:** Organización de Defensa Popular. Rodriguista. Nacida en 1992.

**PC:** Partido Comunista. Fundado a principios de século, recibiu recoñecimento legal en 1990. Domina os principais sindicatos, como o Sindicato del Carbón de Lota ou a CUT. Recebe o 8% dos votos.

**PDC:** Partido Demócrata Cristiano. Partido, fundado en 1957, mais importante da Concertación. Favoreceu o golpe de Estado de Pinochet e actualmente aboga por un entendimento cos militares.

**PPD:** Partido por la Democracia. Partido socialdemócrata fundado a finais dos 80.

**PRSD:** Partido Radical Social Demócrata. Partido socialdemócrata integrante da Concertación.

**PS:** Partido Socialista. Fundado en 1933, reunificou-se en 1989 despois de varias divisións internas. De ideoloxía socialdemócrata, forma parte da Concertación.

**RENACE:** Red Nacional de Acción Ecológica.

**RN:** Renovación Nacional. Criado en 1987, é o sucesor post-Pinochet do Partido Nacional (PN), de dereitas.

**SEAS-COF:** Sección Especial de Alta Seguridade-Centro de Orientación Femenina. Cárcere de alta seguridade criada en 1997 para as presas políticas.

**UCC:** Unión de Centro Centro. Movimiento antipartidario de dereitas. Xunto con RN, herdeiros do PN.

**UDI:** Unión Demócrata Independiente. Fundado en 1989, de dereitas.



**CHILE**

**9 pura**

# Os povos orixinários de Chile

Alberte Pagán



O expedicionário Julius Popper en plena "caza do índio". Aos seus pés, o cadáver dun selknam asasinado. (Foto Expedición Popper, 1886)

*"Cando chegaron os españois nós tíñamos a terra. Mas eles trouxeron a bíblia e aprenderon-nos a rezar. Agora nós temos a bíblia e eles teñen a terra."*  
Anónimo

## O xenocidio dos povos orixinários

A palabra xenocidio nunca tivo tanto significado como cando se fala dos povos de Abya Yala'. Son dúcias os povos *totalmente* exterminados polos europeos, dos que non queda nen un só supervivente. O xenocidio sistemático comezou hai 506 anos nunha data que aínda se celebra, tanto en España como en moitos países de Abya Yala, como o día da hispanidade ou da raza. Quizá porque ser español equivale a ser xenocida; e etnocida.

En Chile desapareceron os diaguitas e os changos, no norte, e os chonos, os kawéskar, os yámana, os aonikenk, os haush e os selknam, no sul.

A Tierra del Fuego e a Patagónia, onde naceron os primeiros sindicatos obreiros de Chile, son tamén territorios nos que o xenocidio foi total: apenas se poden contar un par de anciás yámana e nove (hai un par de anos falaban de 15) kawéskar en Puerto Edén (tivemos o pracer de compartir unhas horas cun deles, Nelson Edén, no barco de Puerto Natales a Puerto Montt: grandes mariñeiros, o Estado chileno viña de conceder-lles a explotación turística dunha rota mariña até o glaciar Pio Nono). Do resto dos povos non fica máis que algunha gramática e dicionario da súa lingua (caso dos selknam), algunha pintada nas paredes de Punta Arenas lembrando a súa cultura ou algun topónimo como Usbuaia.

Os yámana (a palabra significa "xente"), chamados yagháns polos europeos, eran uns 3000 a finais do século pasado. Deles só fican dúas persoas, as irmás Úrsula e Cristina Calderón, que viven en Villa Ukika, na Illa Navarino. Era o povo mais austral do planeta: mariñeiros nómadas, as contínuas fogueiras coas que se quentaban mesmo nas barcas deron-lle nome á Tierra del Fuego. Thomas Bridges escribiu un dicionario yámana-inglés con 32.430 palabras e inflexións.

Os haush, coñecidos tamén como manekenk, vivían no sudeste de Tierra del Fuego e era cazadores nómadas. Todos mortos. Os selknam, aos que os brancos chamaban ona, eran uns 3.600 individuos. Foron exterminados en tan só cincuenta anos, a partir de 1881, ano da ocupación estranxeira da illa de Tierra del Fuego.

Os kawéskar (ou alacalufes), que eran uns 3.000 a finais do século pasado, habitaban as illas occidentais da Patagónia, mais ao norte. Como os yámana, eran nómadas e excelentes pescadores. Hoxe en día os nove derradeiros kawéskar, que aínda manteñen a súa lingua, viven en

Puerto Edén.

4.000 aonikenk ("xente do sul"; tewelches para os mapuche, patagones para os europeos), agora completamente exterminados, vivían na Patagónia. José María Beauvoir editou un dicionario da súa lingua.

Oficialmente, a causa da desaparición de todos estes povos foron as enfermidades transmitidas polos europeos, o alcoholismo (transmitido polos europeos) e a súa incapacidade de adaptar-se aos novos tempos. A realidade é que, tanto na Arxentina como en Chile (países que se reparten a Tierra del Fuego), falar do tema é tabu: non se pode mencionar que os europeos, para arrebatarlles as terras aos povos orixinários, deixaban-lles ovellas envenenadas, inxectaban-lles enfermidades infecciosas directamente para acabar con eles ou sen máis remilgos se dedicaban á "caza do índio", ofrecendo recompensas por cada cabeza. A un destes "cazadores de índios", Julius Popper, lle construían en Punta Arenas unha estatua en agosto pasado para premiar, quizá, a eficacia do seu labor. En Europa houbo "caza de ciga-



Úrsula Calderón, de 75 anos, a derradeira india Yámana. (Foto: Eric Facón)



nos” na Idade Meia: aquí estamos a falar de principios de século, dos anos trinta, dos anos cuarenta; temos documentazón fotográfica dos masacres, temos gramáticas das súas línguas. A proximidade no tempo aínda fai máis selvaxe a práctica xenocida. (Lembremos que no Amazonas estas cazas humanas están a ter lugar nestes mesmos instantes).

Para acabar con un povo non fai falta asasinar todos os seus compoñentes: basta con quitar-lles a terra, con desarraigá-los, para que desaparezan como étnia. Xa non xenocidio, senón etnocidio. É o caso dos kawéskar (da manchea deles que fica viva), dos aymara no altiplano do norte, e mesmo dos mapuche. As implicazóns de Ralco (encoro que sulgará terras pewenche) son moito máis amplas que o simples dano ecolóxico: os pewenche sen a súa terra están condenados a desaparecer (“integrar-se” chama-lle o Estado chileno). De aí a fereza coa que os mapuche luitan pola súa terra: están a luitar pola súa supervivencia como povo. O xenocidio, transformado en etnocidio, segue tan vixente como hai quíntos anos, como hai cen anos: do que se trata é de ninguén acuda a dereitos históricos para impedir que o capital construa Ralco, acabe cos bosques, arrase con povoazóns para trazar unha estrada... (En Puerto Montt acumula-se unha montaña imensa de estillas para exportar a Xapón para facer pasta de papel; os bosques orixinais —alerces, aruacías— están desaparecidos; só se ve unha paisaxe de eucaliptos e pinos que nos lembra Galiza).

## Wallmapu: a nación mapuche

Chamados “araucaños” por Alonso de Ercilla na súa epopeia *La Araucana* (1569), o mapuche é o povo americano que máis resistiu a conquista ibérica. Apesar de teren perdido practicamente todo o seu territorio (pasaron de ocupar 31 millóns de hectares en 1540 a 250 mil na actualidade; só durante a ditadura de Pinochet foron-lle roubadas 320 mil hectares) os mapuche souberon resistir as diferentes invasións: primeiro a inka, logo a española. En 1641 a coroa española, por meio dun tratado asinado despois de sufrir múltiples derrotas militares e a destrución masiva das súas cidades, recoñece e respecta o territorio nacional mapuche desde o río Biobío até Chiloé. Ali mantiveron a súa independencia até a invasión chilena de 1881: no que o goberno chileno chamou a “pacificación da Araucanía” morreron



30.000 mapuche. Tampouco a igrexa católica tivo moita sorte entre os mapuche: é dos grandes povos americanos menos cristianizados, como recoñecen con orgullo.

A nación mapuche non tiña, nen ten, un goberno central: as diferentes comunidades e identidades territoriais manteñen a súa independencia, o que non impide que se unan ferreamente ante unha ameaza común, como aconteceu ante a invasión española, durante a cal se elixían caudillos que dirixiran a estratexia. En tempos de paz cada comunidade recuperaba a súa independencia. Esta flexibilidade organizativa é un dos factores que facilitaron a supervivencia deste povo. Agora, ante esta “segunda arremetida” (como lle chama José Naín) do Estado chileno contra elas e eles, é ao sul do Biobío onde vemos máis ganas de buscar unha fronte común para combater o sistema capitalista, en medio dun panorama de abulia política e desunión. O seu espírito subversivo queda patente na declaración de José Paillal (werkén -voceiro- da Coordinadora Mapuche da Rexión Metropolitana) en rolda de prensa o 8 de agosto de 1998, en pleno diálogo co goberno para chegar a un acordo sobre a construción de Ralco: “O povo mapuche non ten armas como as tiñan os nosos antepasados. Non temos o poder militar, porque se o tivéssemos sería moi distinta a situación. Non estaríamos aquí. Provavelmente estaríamos no noso territorio.”

“Mapuche” significa “xente da terra”. É a terra o seu “ser supremo”. Como tal, respectan-a e viven en harmonía con ela. Carmen Rosa Paine Tranamil, werkén de Trapa-Trapa, no Alto Biobío, expresaba-o así: “os mapuche son os gardiáns da biodiversidade” (*itrofill mogen* en mapudungun, un concepto propio non traducido do castelano). Os mapuche non se senten chilenos. Os chilenos, os non mapuche, son os *winka*, palabra que deu orixe ao verbo “ahuincar-se” (occidentalizar-se, perder a identidade): precisamente de ahuincar-se acusan ás 81 familias pewenche que asinaron con ENDESA a permuta das súas terras.

A étnia mapuche está constituída por varios grupos ou “identidades territoriais”: nas montañas están os pewenche (a xente do pewén, “araucaía”); no centro os wenteche (xente da chaira, da meseta) e os nageche (xente do baixo); na illa de Chiloé os williche (xente do sul), na costa os lafkenche (xente da costa) e na Arxentina os puelche (xente do leste). Son en total 1.200.000, aínda que todos estes datos





A oposición ás obras de Endesa no Alto Bio-Bio coñece enfrontamentos como o da imaxe, co uso de botes de fume. (Foto: Mercedes Alonso)

censais hai que tomá-los con cautela: pode-se pasar dunha negazón da identidade étnica por motivos de discriminación e racismo a todo o contrario, inchando as cifras.

### Mari Chiweu<sup>2</sup>: todos contra Ralco

Os pewenche, unha das identidades territoriais dos mapuche, habitan no Alto Biobio en pequenos povoados que carecen de auga, electricidade e outros servizos aos que os winka estamos afeitos. Dedicán-se á agricultura e á gadería. No verao van-se de *veranada* a terras mais altas que abandonan coas primeiras nevadas. Este povo, descoñecido até agora para o resto do planeta, pasou a ocupar durante os meses de xullo e agosto de 1998 as primeiras planas de todos os xornais. A razón? Que resultaban ser un pequeno estorbo para o capital internacional que pretende facer un macro-encoro nas suas terras. O proxecto arrasta-se desde os anos cincuenta; retomado nos setenta, comezase a construír, nos 90, o primeiro de sete encoros proxectados: Pangué, 30 quilómetros río abaixo de Ralco. Daquela a oposición non tivo muito eco. Agora, en pleno corazón da terra pewenche, as protestas estenderon-se como regueiro de pólvora, e no Alto Biobio topámonos con xentes da Coordinadora Mapuche de la Región Metropolitana, da Federación de Estudiantes, do Aukiñ Wallmapu Ngulam, do Centro Mapuche-Pewenche, do Grupo de Acción por el Bio-Bío (GABB), de Bío Resistencia, de Bío Conciencia, etc. Mapuche, estudantes, ecoloxistas e políticos en frente comun dirixidos polas *Mapu Domoche Neuen* ("Mulleres con Forza das Terras", que logo cambiarían o seu nome a "Mulleres da Resistencia").

Que é "Ralco"? Un proxecto de macro encoro de 500 millóns de dólares estadounidenses, unha potencia de 570 megavátios (Pangué ten 450), unha altura de 155 metros e un volume de 1.220 millóns de metros

cúbicos que sulagará unha superficie de 3.500 hectares (incluíndo 14 cemiterios, 70 sitios arqueolóxicos e varios santuarios pewenche) e que afectará a 500 pewenche. De estas 98 familias, 14 non asinaron a permuta de terras con ENDESA (empresa transnacional cuxo principal accionista é ENDESA-España, presidida por Rodolfo Martín-Villa que se encontra actualmente baixo investigación en Chile por certas irregularidades financeiras). Segundo o artigo 13 da Lei Indíxena as terras indíxenas non poden ser vendidas nen permutadas a non indíxenas a menos que a totalidade da poboación estexa de acordo.

Das familias que asinaron, moitas volveron-se atrás ao daren-se conta de que o proceso non fora limpo: presentaron-lles o proxecto como algo inevitável e baixo engano. A CONADI (Corporación Nacional de Desenvolvemento Indíxena) mandou paralizar as obras mentres se esperaba por unha toma de decisión que ía ter lugar o 5 de agosto e que se viu abortada debido á destitución do seu director que claramente estaba en contra das permutas. ENDESA seguiu coas obras.

A empresa ofrece aos pewenche 20.000 hectares de terra (a cambio das 638 hectareas afectadas directamente polo encoro) mais fortes compensacións. En principio parece un trato xusto, mas tanta xenerosidade revela a má conciencia de ENDESA. As zonas afectadas indirectamente, e que ENDESA non menciona, son moito mais amplas que esas 638 hectareas: a redución do caudal repercutirá no ecosistema de toda a conca do Biobío. As 20.000 hectareas ofrecidas topan-se río arriba, a mais de 1.000 metros de altitude (en contraposición aos 600 metros de altitude do actual enclave de Ralco), nas zonas de El Barco, El Huachi e Santa Laura, que son terrenos utilizados polos pewenche só para as *veranadas*, xa que en inverno a presenza de neve impide a supervivencia. A calidade da terra é moi inferior para a agricultura: cinza volcánica facilmente desgastável e erosionável en poucos anos. A vida continua ali é imposible. Moitos dos homes das familias que aceptaron tratar coa empresa traballan na propia construción dos accesos á obra. Nas manifestacións a favor do encoro, organizadas por ENDESA (que mesmo lles facilitou viaxes a Santiago), os manifestantes ían cubertos con cascos de traballo, o que delataba a súa relación de subordinación con

respeito á empresa. "Temos traballo", argumentan eles. E electrodomésticos que ENDESA lles regala nunha zona onde non existe electricidade e que seguirá sen ela por moitos Ralcos que constrúan (veza-se o exemplo galego, se non).

Eduardo Frei (presidente do goberno chileno e amigo de José Yuraszeck, presidente de ENDESA-Chile), xa cando a inauguración de Pangué, posicionou-se claramente a favor do proxecto. O goberno e ENDESA, claramente unidos nos seus obxectivos, argumentan que o encoro non afectará a cultura pewenche e que é un proxecto imprescindible ante a crecente demanda de electricidade. Ambos argumentos contradícion, por unha banda, un estudo antropolóxico contratado pola propia ENDESA no que se afirmaba que a construción do encoro "levaría ao desmantelamento da cultura pewenche" (palabras do antropólogo Rodrigo Valenzuela), e pola outra as declaracións da Comisión Nacional de Enerxía (CNE) que calificaban de "lamentável" a decisión de levar a cabo o proxecto, en detrimento de outras alternativas presentadas por dúas centrais termoeléctricas a gas natural de ciclo combinado. A organización Chile Sustentable, baseando-se en estudos da Universidade de Chile e da CNE, mesmo propuña unha coxeración de enerxía aproveitando os procesos industriais das plantas celulósicas e mineiras (o que significaría unha produción de 200 megavátios) e un aforro enerxético no sector residencial e enerxético. Con ambas estratexias se alcanzarían perto dos 570 megavátios que produciría Ralco. Neste sentido, Ralco resulta prexudicial e anti-económico. O único beneficiario de Ralco é ENDESA, que coparía por varios anos o mercado hidroeléctrico chileno.

Na Tierra del Fuego e a Patagonia exterminaron os povos orixinais comezando por roubar-lles as terras. Un povo sen terra desaparece. Se non de xenocidio, si podemos falar de etnocidio: a "xente da terra" perderá a súa identidade se lle quitan a terra. Ralco, neste sentido, emarca-se no proceso de asimilación que o Estado chileno propugna en relación aos povos orixinais.

"Terra en plena madurez", nome orixinal mais antigo, recoñecido polos povos orixinais, do territorio chamado América.

<sup>2</sup> Grito de guerra mapuche: "dez veces vencemos" ou "se un cai dez se erguerán"



Outrasvozes entrevistou a José Nain, voceiro do Aukiñ Wallmapu Ngulam, o 6/8/98 na sede da organización en Temuko. Coñeceramo-lo dous días antes en Palmucho (lugar onde ENDESA pretende construír o encoro de Ralco no Alto Biobío) onde se apresentara cunha delegación da zona de Temuko para estudar o terreno. Foi ali onde nos invitou a visitar a sede da organización para conversar sobre autodeterminación e sobre Ralco.

**O Aukiñ Wallmapu Ngulam (Consello de Todas as Terras) resurxe en 1991, despois de 109 anos de inexistencia (desde a invasión chilena de 1881). En que consiste e con obxectivos renace?**

O Consello de Todas as Terras é unha organización que recupera todos os valores filosóficos, culturais, políticos e relixiosos do pobo mapuche. É unha organización tradicional cunha orientación política mapuche. Un dos obxectivos polo que se crea é o de iniciar un proceso de descolonización ideolóxica e de recuperar a identidade cultural mapuche. As anteriores formas organizativas estaban-nos levando a asimilar unha cultura que non nos é propia e que non responde aos obxectivos que os mapuche temos hoxe en día para saír da situación na que nos topamos.

Nese sentido unha das cousas que nos propuxemos é a recuperación do noso territorio, desde o Biobío até o sul, considerando que ese é o espazo físico que se reivindicou a partir do ano 1641, data en que os mapuche estableceron o primeiro tratado coa coroa española. Outro obxectivo foi erguer o proxecto de bandeira mapuche, como xeito de impulsar a unidade mapuche.

**Até que punto o Consello de Todas as Terras é representativo da nación mapuche? Existe coordinación cos mapuche argentinos, por exemplo?**

Actualmente somos a única organización que traballamos cos mapuche en Arxentina. Unha das cousas que logramos inserir nas comunidades puelche de Arxentina é o xeito de organización tradicional. Na medida en que o Consello veu dando resposta ás diversas formas de opresión que enfrentan os mapuche, a organización foi paulatinamente crescendo. Non nos preocupa o tema da representatividade. É unha cuestión que xamais discutimos ao interior da organización. O que pretendemos é que o Consello sexa unha ferramenta política que os mapuche podan usar para defender os seus dereitos. Podemos dicir

## Xustiza, Territorio, Autodeterminación:

# A NAZÓN MAPUCHE



José Nain, baixo a bandeira mapuche, na sede do Aukiñ Wallmapu Ngulam

que representamos a unhas 200 comunidades de distintas zonas (da VIII, IX e X rexións) coas que temos traballado. Mas hai que considerar que somos a única organización mapuche que non está enxertada na política do goberno; somos a única que viñemos sendo discrepantes, desde a nosa creación, da política do goberno. O Consello fixo-se coñecido polo proxecto político novedoso que temos, mas ao mesmo tempo porque levamos á práctica as ideas e, xunto coas comunidades mapuche, recuperamos terra.

*A Lei Indíxena [lei n° 19253, de 1993], no tema de Ralco, parece favorecer os pwenche, sobre todo no punto de que mentres haxa unha soa familia que se negue a permutar as súas terras o encoro non poderá ir arriba. Sen embargo tu acusa-la directamente de promover o encoro. Que críticas lle facedes a esta Lei?*

Creo que a lei ten algúns procedementos que son interesantes, como é ese mesmo caso das permutas. Pode ser o mais rescatabel, xunto co artigo 13 que di que as terras indíxenas non poden ser gravadas nen alienadas nen vendidas a persoas que non sexan mapuche. É un xeito de garantir que non haxa intromisión; mas tamén corre-se o risco de que haxa un mapuche con cartos que merque a terra: entón basta que ENDESA se tope con problemas para que busque este mapuche con cartos e se faga con todas as terras. A Lei ten a súa trampa, ten os seus pros e contras.

Desde o punto de vista xurídico hoxe en día non hai nengunha posibilidade de que

non se construa Ralco. Porque a Lei Indíxena é unha lei insuficiente que non logra garantir os dereitos á terra fronte á Lei de Enerxía. A final que acontece? Aquí a Conadi [Corporación Nacional de Desenvolvemento Indíxena], baseando-se na Lei Indíxena, podería querrelar-se contra Endesa para deter momentaneamente a construción mentres se discuten as irregularidades das permutas. Mas iso xeraría unha serie de conflitos xurídicos porque, baseando-se na Lei de Enerxía, Endesa ten a posibilidade de demandar á Conadi por opor-se á construción de Ralco. Son dúas leis que se contradicen. E iso é o grave, porque de acordo á legalidade chilena Endesa ten todas as facultades xurídicas e legais para construír Ralco. O único recurso que nos queda aos mapuche e aos non mapuche, á sociedade en xeral, é facer unha serie de mobilizacións que obriguen ao goberno a cambiar de actitude política. Se o levamos ao xurídico, non hai absolutamente nengunha posibilidade de gañar.

**Até que punto pode a CONADI (nacida á calor da Lei Indíxena) servirvos como ferramenta?**

A CONADI non é outra cousa que un instrumento de intromisión política e xurídica que coarta a posibilidade de que os mapuche nos desenvolvamos no futuro. Non é iso o que nós buscamos. O que buscamos é unha mellor relación entre o pobo mapuche e o Estado, cunha participación plena e efectiva na toma de decisións. Hoxe en día non se pode dar ese achegamento porque o Estado segue a impulsar políticas




de subordinación cara aos mapuche. A Lei Indíxena é unha clara subordinación dos mapuche. Aínda que o director da conadi sexa un mapuche, porque a lei di que ten que ser mapuche, debe gozar da exclusiva confianza do presidente da república. Onde está a participación mapuche? É o presidente quen nomea ao director e quen decide sacá-lo cando lle convén. Non nos imos meter, como Consello de Todas as Terras, na pelexa de que Domingo Namuncura [director da CONADI destituído o día anterior á entrevista polo seu posicionamento en contra de Ralco] volva nen vamos condenar a actitude do Estado. Sabemos que agora se foi Namuncura e o Estado está buscando entre as filas dos partidos políticos outro mapuche que lle garanta confianza para pó-lo á fronte da Conadi.

***O poder do Estado é grande, e tu mesmo díxeches que pola vía xurídica levades as de perder. Cais son as tuas impresións despois de visitar o terreno? Ves-te optimista con respecto a Ralco?***

Eu son optimista. Vai haber moitas mobilizacións. De feito estivemos nas comunidades de Ralco para ver que se pode facer en concreto, para recoñecer o terreno e ver as posibilidades de mobilización. E aí estamos, artellando un grupo de persoas que se vaia ao Biobio e sexa capaz de xerar mobilizacións. Pensamos que a única forma de que o goberno depoña a súa actitude medianamente é mobilizar-se permanentemente, seguir a lei do agotamento: obrigálos a encher o lugar de carabineiros, a que o goberno invista máis recursos, criar inseguridade e perda de material e diñeiro para a empresa. Todo isto pode-se facer sen maiores custos ou sacrificios, dependendo da capacidade de estratexia que teñamos e da posibilidade de posesionarmos-nos do terreno. Non podemos pedir-lles aos pewenche que defendan eles sós o territorio e tampouco podemos ficarmos sentados no caso de que os pewenche autoricen as permutas. O territorio é dos pewenche, mas non debemos olvidar que é tamén dun povo, dunha nación que hoxe quer seguir vivendo. Trata-se de lutar pola fronteira política e xurídica que algunha vez foi recoñecida polos españois.

***Falabas de recuperar o voso territorio do Biobio até o sul, mas quizá sexa a reivindicación territorial o máis inviábel da vosa liuta pola autodeterminación, por unha banda debido á dispersión da poboación mapuche e por outra a causa da***



***actual mestura étnica que se dá no territorio mapuche. Tendes unhas fronteiras definidas que reivindicar? Vedes factível, a longo prazo, o autogoberno?***

Esa é unha reivindicación política que che permite marcar a cancha pola que tu vas emprender a liuta. Iso é o que nós fixemos a partir da aceptación do Consello de Todas as Terras da reclamación da terra do Biobio ao sul [até o Golfo de Ancud e Chiloé] como obxectivo. Porque partimos da base de que actualmente o Biobio é a fronteira cultural entre os chilenos e os mapuche. Sabemos que a pretensión de recuperar o territorio do Biobio ao sul ou de ter un goberno autónomo é utópica, porque hoxe somos menos mapuche que chilenos os que vivemos en territorio mapuche. A proposta é que o Estado nos garanta terras suficientes para proxectar a nosa cultura. E iso de "suficientes" determinámolo os mapuche: significa ter espazos para garantir o desenvolvemento do povo mapuche nas institucións do Estado. Mas con unha condución mapuche, non como a Conadi, que para min non é outra cousa que un instrumento de colonización con mapuche e para mapuche.

***Existe algunha coordinación entre as luitas dos diferentes povos indíxenas de Chile?***

Hai relacións con eles, mas tampouco hai unha liuta firme pola súa parte. Creo que a maioría dos povos indíxenas de Chile está xa nunha situación de dominación...

***Agás vós?***

Agás os mapuche. Digo-che que, se revisamos o panorama a partir de 1980, en Chile perden-se practicamente o resto dos povos indíxenas: é como se aquí non existise ningún outro povo, só os mapuche, porque somos o único povo que aínda resistimos. Os aymara non están resistindo, e teñen os mesmos problemas ca nós. Os atacameños tampouco foron capaces de enfrentar os seus problemas. Nen os ataca-

meños nen os aymara teñen problemas de terra, senón de auga, mas é o mesmo. Os rapa nui brillan pola súa ausencia: non os topas por ningún lado, non están organizados. E o problema é que cada vez é máis complicado establecer alianzas, porque mentres nos pomos de acordo en como xerar alianzas políticas entre os povos indíxenas de Chile constrúese Ralco; mentres buscamos construírse a estrada da costa [en territorio lafkenche], ou os catro encoros que faltan no Biobio, ou o *by-pass* [circunvalación de Temuko], ou unha celulosa, un gasoduto, un oleoduto. Por iso creo que o goberno apostou polo tema Ralco. O goberno é consciente que isto lle vai significar un enorme custo político, tanto en Chile como a nivel mundial, por todo o que ten de violación dos dereitos humanos. Mas está apostando pola súa opción, porque se se constrúe Ralco iso quer dicir que é posible construír todos os mega-proxectos que veñen; e se o goberno non é capaz de construír Ralco, pararán-se tamén o resto. Nós non imos ficar de brazos cruzados, nunca aceptaremos que se constrúa Ralco. Mentres haxa un só mapuche en pé eu creo que imos pelexar, porque apesar de que nos mataron, nos quitaron as terras, nos usurparon a maioría dos dereitos como povos indíxenas, o que non nos puderon usurpar ou sacar de nós é o consentimento. Mentres non teñan o consentimento, nós seguimos mantendo a dignidade, e mentres non nos quiten o consentimento todo o que fagan no territorio mapuche carece de lexitimidade. Xamais lles imos dar o consentimento, porque ningún mapuche, ningún indíxena vai renunciar aos seus dereitos. A terra, calquer que sexa a situación na que esté, segue sendo territorio mapuche. O Estado invadiunos en 1881, mas nós seguimos a dicir que desde o Biobio ao sul é territorio mapuche. Estexa como estexa. Polo tanto está vixente e latente ese dereito que nós en calquer momento podemos restituír, porque non temos renunciado: está dormido, claro que está dormido, mas algunha vez despertaremos e teremos a capacidade de recuperá-lo. No Alto Biobio é grave: un encoro que sulaga a terra. Por acá non, porque son leiras: a terra non se vai, está, danan-a, sacan-lle os ecosistemas, mas segue a ser a terra.

[O Aukiñ Wallmapu Ngulam ten unha publicación bimensal: *Aukiñ-Voz Mapuche*; tamén editou o libro *El Pueblo Mapuche, su territorio y sus derechos*, Temuko, 1997, 112 pp. Enderezo de contacto: *Aukiñ Wallmapu Ngulam* (Consejo de Todas las Tierras), Lautaro 234, Temuko, IX Región, Chile. Tel: +56+45+235697. Correo-e: [aukin@entelchile.net](mailto:aukin@entelchile.net)]





Calso Calfullán, no centro, e Alihuén Antileo, á súa esquerda, na sede de Melí Wixan Mapu.

# MAPUCHE URBANOS: En busca dun estado plurinacional

Alberte Pagán entrevistou a Alihuén Antileo e Celso Calfullán, presidente e dirixente, respectivamente, da organización mapuche urbana Melí Wixan Mapu ("Os catro puntos da terra") o 25/8/98 na sede da organización en Santiago de Chile.

**A. Pagán:** Existen moitas asociacións mapuche, tanto en Santiago como na IX rexión. Como e con que obxectivos surxe Melí Wixan Mapu?

**Alihuén Antileo:** Nós, como nazon mapuche, femos un traballo de resistencia desde hai moitos anos, e hoxe en día, nesta nova etapa de pseudo-democracia, luitamos pola reconstrución do noso mundo mapuche e pola elaboración dun proxecto de liberación. Hoxe funciona-se cunha institucionalidade herdada da ditadura. Nós, como movemento mapuche, participamos no proceso democrático, fomos un dos actores no restabelecimento da democracia, e sen embargo aquelas promesas e acordos que o conxunto das forzas democráticas pactaron daquela hoxe en día fracasaron. Ante este novo cuadro político propuxemos distintos obxectivos: xa non basta con integrarse ou participar nunha sociedade senón elaborar un proxecto propio de autonomía e de liberación. Iso significa topar-se directamente coa institucionalidade do Estado chileno, que a definimos como opresora cara a nosa nazon mapuche. Propomos, evidentemente, unha reforma constitucional: cumpre crear unha nova asemblea constituinte para posibilitar a existencia dun parlamento plurinacional no cal teñamos representación como nazon mapuche para poder participar realmente nas institucións do Estado. Hai que sinalar que representamos un millón e medio de persoas neste país, o 10% da poboación total de Chile. Portanto hai unha proposta básica nacional mas tamén hai unha proposta diferenciada como mapuche urbanos, porque hoxe a realidade é que o 60% dos mapuche vive en zonas urbanas, e o 43% vive aquí en Santiago. O resto divíden-se nas distintas cidades da VIII, IX e X Rexións do país e só o 20% vive en comunidades

rurais.

Catro son as nosas grandes reivindicacións: a) resgate da nosa cultura (através de talleres de idiomas, de baile, de deportes; cabe sinalar que non é traballo exclusivo da nosa organización: en Santiago hai 47 organizacións mapuche actualmente, e neste campo coincidimos máis ou menos todos. O rescate da cultura é patrimonio de todas as organizacións). b) Difusión da nosa cultura e elaboración de proxectos propios. c) Temos a idea de constituir comunidades mapuche urbanas, algo así como un barrio mapuche, de acordo coa nosa forma de vida e a nosa visión do mundo. Porque, produto da emigración, xeralmente imos parar aos sectores máis pobres onde existe unha alta porcentaxe de delincuencia, apesar de que a nosa poboación ten a menor porcentaxe de delincuencia. O feito de ter unha comunidade mapuche urbana permítenos: primeiro, resgatar a nosa cultura; segundo, vivir en comunidade; e terceiro, proxectarmos-nos como nazon dentro do medio no que actualmente vivemos. d) Defensa dos dereitos dos mapuche, de acordo aos planos e programas que existen mas tamén no que son denuncias de diferentes tipos de atropelos ou violacións que se producen tanto na cidade como no conxunto do noso pobo.

**A.P.:** Estades nalgunha medida coordinados co resto das organizacións mapuche?

**A.A.:** Como nazon mapuche temos unha coordinación básica para enfrentarmos-nos aos distintos conflitos. A etapa na que se aspiraba a unha organización que pudiera aglutinar o conxunto da nosa nazon está superada. Creo que iso non se pode dar aquí nen en xalundes. Aquí existen múltiples organizacións mapuche, de acordo á nosa tradición de comunidades, e entre elas existe unha coordinación básica para o apoio nos conflitos como o que tu viches en Ralco ou noutras zonas. Mas si vemos dúas tendencias, unha pugna sá e natural dentro do movemento mapuche, proxectos distintos para solucionar o mesmo problema. Uns basicamente están polo proxecto



de integración, impulsado polo Estado chileno e que vén desde hai 80 ou 90 anos. O Estado, despois de practicamente ter exterminado militarmente o noso povo, impulsa este proxecto de integración: segundo el, nós formamos parte da chilenidade e temos que integrar-nos na cultura occidental. Apesar de que neste proxecto de integración se perdeu practicamente todo, aínda hai moitas organizacións que seguen a manter eses resabidos de aferrar-se á legalidade do Estado chileno. E por outro lado está un sector que (aínda minoritario, pode ser un 20% ou 30% actualmente) impulsamos a autonomía da nosa nación. O que nós propomos é unha autonomía política, económica, cultural e tamén militar. Portanto, autonomía dentro do Estado chileno e non independencia nacional, que é distinto. Como pode pasar en Europa no caso da Galiza.

Existe unha coordinación cada vez máis ampla entre aquelas organizacións que propugna este novo proxecto e priorizan a mobilización por sobre a tramitación legal, por así dicé-lo, do conflito. É un proxecto que se está a abrir paso. Porque o proxecto de integración fracasou, e non só en Chile: mira o caso de Chiapas, que non representa máis que a expresión do fracaso do proxecto de integración cara a distintos povos orixinarios. Nós pensamos que tamén acá ese proceso empeza a desgastar-se produto das propias contradicións deste modelo económico que non considera a diversidade dos nosos povos nen da nosa cultura.

**A.P.:** Falas de Chiapas. Tendes contactos ou intercambio de experiencias, a nivel internacional, con outras organizacións ou povos que tamén reivindiquen os seus dereitos nacionais?

**A.A.:** Existe un campo de experiencias internacionais moi interesante para analizar e existen outros povos que teñen un grao de autonomía e de coordinación maior cos que podemos intercambiar experiencias. Nesa etapa nos topamos agora. Temos interese en falar con calquer movemento ou organización, coñecer-nos, ver nun prazo dun ano ou dous quen é quen, que coherencia hai entre o discurso e a práctica, para posteriormente facer un achegamento maior tanto comunicacional como político. O tema das nacións e nacionalidades ten hoxe en día tremenda importancia e sen embargo non ten sido capitalizado nen se lles abre unha representación política na ONU. Sempre aparecemos como marxinais dentro do consultorio de Nacións Unidas, sen considerar que tanto en Asia, África como América constituímos uns 250 millóns de seres humanos.

**A.P.:** O *Aukiñ Wallmapu Ngulam* ("Consello de Todas as Terras") propón, a longo prazo, unha reivindicación territorial concreta: do Biobío ao sul. Mas que acontece cos mapuche de Santiago, por exemplo? O tema é complexo porque a territorialidade non está tan definida como no caso das nacións sen Estado europeas. Vós mencionades dous proxectos, dúas opcións: por unha banda a busca da autonomía política e mesmo militar, pola outra a reivindicación dun Estado plurinacional. Creo que son propostas

**"Para o Estado, nós formamos parte da chilenidade e temos que integrar-nos na cultura occidental"**

**"sendo un 10% da poboación total de Chile e estando supostamente integrados, non hai ningún mapuche no goberno, nengun na oficialidade das forzas armadas, nengun na corte suprema, nengun na xerarquía eclesiástica"**

diferentes. A reivindicación dun Estado plurinacional implica en certo xeito aceptar o modelo de Estado chileno (aínda que cunha maior representatividade, recoñecimento de dereitos lingüísticos e culturais, etc.) e polo tanto a súa lexitimidade. Cal das dúas opcións entra no voso programa?

**Celso Calfullán:** En realidade unha combinación das dúas. Non nos resultaría doado falar de autonomía a secas porque a maioría dos mapuche, como dicía Alihuén, viven en cidades. Portanto preferimos o proxecto dun Estado plurinacional, no que podamos desenvolver-nos. Porque agora, sendo un 10% da poboación total de Chile e estando supostamente integrados, non hai nengun mapuche no goberno, nengun na oficialidade das forzas armadas, nengun na corte suprema, nengun na xerarquía eclesiástica. Propomos unha combinación de autonomía e Estado plurinacional, mas non temos un proxecto acabado: está en elaboración.

**A. A.:** Trata-se tamén dunha cuestión práctica: cando dis que Galiza ten certa autonomía territorial é porque nese sector os galegos deben representar (creo eu) un 90% ou 93% da poboación. Hai un aspecto territorial e tamén un poboacional importantes que coinciden para determinar unha autonomía lingüística, económica, política e territorial. No caso da VIII Rexión a poboación mapuche é só dun 20%, dás-te conta? É máis complicado. Pode haber espazos territoriais autónomos, franxas territoriais (que nós si pensamos que se poden dar) onde ter unha autonomía e un poder maioritario. O outro significaría negar o 80% da poboación, que mesmo en moitos casos está misturada, e da cal o 50% son traballadores. Especificamente na zona onde tu estuvecas [Temuko] hai un componente dun 10% de pequenos-medios agricultores e outro 8% a 10% de pequenos mineiros. Portanto unha autonomía que crie unha contradición insalvable, irreconciliável entre mapuche pobres e traballadores pobres que se sometan ao noso proxecto de autonomía non é viável, se

o que se quer é aglutinar forzas. Penso que é mellor xuntar esas forzas de pequenos campesiños ou de mineiros con grandes problemas de despedidos. De feito hoxe houbo unha manifestación no centro, tu viche-la, precisamente de mineiros de esa zona. Xuntos temos que modificar a estrutura do Estado, á parte da autonomía que podemos ter de acordo coa nosa poboación existente. O 20% non pode impor ao 80% restante os seus propios termos. É unha cuestión de representatividade e tamén capacidade de impormos, iso hai que te-lo en conta. Por iso vexo difícil esa exigencia da terra desde o Biobío até o sul. Como referencia histórica si, mas agora, ou nun prazo de 5, 10, 15 anos, vexo a difícil, e a min interesa-me avanzar. Non compartimos esa postura, mas é respeitável, por suposto.

[Enderezo de contacto: *Meli Wixan Mapu*, Bulnes 113, Santiago, Chile. Fax: +56+02+6988548]



# O POVO

**A  
Y  
M  
A  
R  
A**



Luis Carvajal, presidente de Pacha Aru ["Voz da terra"],

Os **aymara** viven espallados por catro países: Peru, Bolívia, Arxentina e Chile. Neste país ocupan o altiplano do norte. O éxodo rural provocou un aumento do número de aymara urbanos: o 30% da poboación de Arica (uns 50.000) é aymara,

ainda que, segundo Luis Carvajal, só a metade destes se reconece como aymara. En Iquique, a outra grande cidade do norte, os aymara non chegan ao 10%. No interior (no altiplano), apesar da emigración, a poboación é maior.

**Outrasvozes** entrevistou a **Luis Carvajal**, presidente de Pacha Aru ["Voz da terra"], o 19/8/98 en Arica.

### Que é Pacha Aru e como se emarca no movemento aymara?

Pacha Aru nace en 1983, fundado por xente procedente do interior. Naceu como movemento universitario, en reacción á discriminación que sufríamos os aymara en Arica, co obxectivo de reivindicar e informar, adquirir documentación e vincular-se con outras organizacións. Pacha Aru foi xeradora de institucións, formadora de dirixentes aymara. De aquí saíu a Cepi [Comisión Especial de Pueblos Indígenas], antes de existir a Conadi, e moitas outras que desapareceron. A nivel internacional acadase un clímax na luta dos povos indíxenas en 1992, durante a reivindicación dos 500 anos de resistencia indíxena. Ese ano marcou unha etapa. Despois, as luitas decairon. Os organismos fixeron-se oficiais, politizarónn-se, buscaron o poder, como a Conadi, que nace da Lei Indíxena de 1991. Pacha Aru non ten vinculación coa conadi, é anterior. A conadi é un organismo mediador, o goberno asigna recursos para o desenvolvemento indíxena e a conadi os distribue ás organizacións que estima convenientes. Mantén unha política de traballo público. Non ten un obxectivo reivindicativo, senón un posicionamento económico.

### É moi dependente do goberno, como se ve agora no conflito de Ralco.

Exactamente. O problema de Ralco é netamente político. A política está intentando manexar os povos indíxenas.

**Cais son as vosas reivindicacións, tanto a**

### nível social como cultural ou lingüístico?

Reivindicamos o noso xeito de vivir. Aquí na cidade [Arica] a vida é diferente á do altiplano. Mas nós miramos sempre o modelo de vida do altiplano (onde aínda se manteñen os nosos costumes, o noso calendario andino lunar e a nosa organización social) como meta, como contraposto ao modelo neoliberal que resulta intolerábel. En canto á lingua, a grande maioría de nós perdimola aquí na cidade. A xente do interior era e é discriminada por falar aymara. Para protexer os fillos, ocultan a súa fala. O aymara non ten escritura: se se rompe a transmisión oral, perde-se a lingua. Está-se implementado unha gramática aymara unificada, coa idea de implantar unha nova política de interculturalidad no ensino: utilizar textos en aymara para aprender castelano (en Bolívia, con maioría de falantes aymara, xa está en marcha). En Chile vai ser difícil, porque o neno non sabe ler en aymara.

### Estades coordinados dalgun xeito coas asociacións aymara tanto chilenas como de Peru, Bolívia ou Arxentina?

Si, ás veces traemos a xente deses países. Non hai unha organización xeral, mas hai vínculos. Sobre todo acudimos a Bolívia en todo o referido á lingua ou educación. En canto a Chile, tratou-se de facer unha confederación de organizacións aymara, mas non resultou. Pacha Aru é, aquí en Arica, a única reivindicativa.

[Enderezo de contacto: Pacha Aru, Los Piñones 2041, Arica, I Región, Chile. Tel: +56+58+229081. Fax: +56+58222410. Correo-e: lcarvajal@huemul.decom.uta.cl; llamito@hotmail.com]



tura social aymara, porque estas en vez de seren funcionais ás necesidades reprodutivas e socio-culturais (como o eran os cargos xerados na propia comunidade) serviron só para manter un controle político-administrativo sobre as nosas comunidades mediante o manexo dos dirixentes.

No económico o modelo de libre mercado provocou transformazóns substanciais na economía aymara. As nosas producións tiveron que se adecuar á demanda do mercado urbano (allo, ourego, millo), decaíndo os produtos tradicionais de autoabastecimento e de intercambio entre os aymara do altiplano e a precordilleira.

Ademais de estas políticas, o Estado impuxo por meio dunha nova lexislación un "Novo código de águas", que ameaza gravemente a subsistencia dos aymara campesiños, xa que a água neste meio semidesértico é o elemento vital para o desenvolvemento agro-gandeiro e cultural do noso povo. En 1981, polo D.F.L. 1112, reformulou-se a lexislación sobre esta materia e a água pasa a ser un ben transável: mediante a adquisición ou inscrición dun dirêito de aproveitamento pasa a ser dirêito privado. Esta situación prexudica gravemente o povo aymara, que perdeu o dirêito ancestral ao seu uso; porque ao separar a água da terra, está-se posibilitando que particulares alleos á comunidade se apróprien dela, favorecendo as empresas mineiras e as cidades. A perda de este elemento vital provoca un maior estancamento no desenvolvemento agrícola, o desecamento de *bofedais* [lameiros do altiplano] de pastoreo (*bofedais* das veigas de Turi en Calama polo uso da mina de Chuquicamata), fomentando os pleitos coas mineiras e entre os mesmos comuneiros, e provocando finalmente a migración.

Outro problema, como corolário desta constante violación dos dirêitos do povo aymara, é o problema xurídico das terras comunais. Ao implantar o dirêito comun chileno, os aymara migrantes mais coñecedores da legalidade inician procesos de inscrición de terras, xerando despoños e usurpacións e sobreposicións de terrenos inscritos. As nosas organizacións aymara reclaman ao Estado o recoñecimento legal das suas terras e o seu carácter comunitario.

## Likan Antay: o povo atacameño.

*O povo atacameño ou likan antay sofreu diversas colonizacións: antes dos españois foron as culturas tiwanaku e inka as que se impuxeron. Asentados en torno ao Salar de Atacama constitúen unha povoazón duns 10.000 habitantes, dos cais un 30% tivo que emigrar a outros lugares de Chile. Vivendo no deserto, a súa maior reivindicación, a diferenza dos mapuche, é o dirêito ao uso da água, mais que a exixencia da terra.*

*Outrasvozes entrevistou a Mirta Solís, presidenta do Consejo de Pueblos Atacameños, o 16/8/98 en San Pedro de Atacama.*

**Cando e con que obxectivos naceu o Consejo de Pueblos Atacameños?**

O Consejo de Pueblos Atacameños, que reúne todas as comunidades indíxenas (17 comunidades e 19 asociacións), naceu hai uns cinco anos para unir os diferentes povos atacameños, apartados entre si, para tratar de ver os problemas comuns e asumirlos nós como propios. Cada povo ten a súa comunidade constituída, que pasa a ser membro deste consello.

**Que consideran que é a especificidade ou os rasgos distintivos do povo atacameño?**

Nós somos distintos, somos povos orixinários indíxenas, cunha cultura distinta que aínda se conserva, coa nosa forma de ser e tradicións. Quizá perdimos algunhas delas, como a lingua, o cunzu; só se conservan palabras soltas<sup>1</sup>.

**Existe algunha coordenación co resto dos povos orixinários de Chile?**

Ao principio si, cando se estaba traballando arredor da promulgación da Lei Indíxena. Había congresos e seminarios en Temuko e en Santiago. Posteriormente, foron poucos os contactos.

**Cal é a súa opinión sobre a actuación da Conadi con respecto ao povo atacameño?**

A Conadi era algo necesario para o desenvolvemento indíxena, nacido coa lei [indíxena], mas actualmente non nos ofrece moito. É un servizo público, ao servizo das comunidades indíxenas, mas lamentablemente está moi politizada, non nos convén. Podo contar-vos algo ao respecto: antes da organización indíxena había unha xunta de viciños; e antes, unha xunta de água, cun

N.º 3



Mapa da Tierra de Fuego, debuxado durante a expedición do navegante holandés Spilbergen en 1615. Amona a un grupo kaweshkar tratando con europeos.



CHILE

19 mari pura

xuíz e un alcalde de água. Así era a organización dos nosos povos: había unha soa xunta de veciños. Cando se cria a Conadi, insiste en que se poden facer comunidades con 15 persoas cun tronco familiar comun. Así é que agora existen 4 ou 5 comunidades en San Pedro [de Atacama], e iso destruí-nos porque nos dividiu, e non podemos facer forza, non podemos facer unha fronte comun. A Conadi fixo un mal papel nese sentido, non escoitai a nosa opinión. Noutras comunidades pasa o mesmo.

## **Tendes unha organización social paralela á institucional chilena?**

Iso foi-se transformando. A autoridade exixía a xunta de veciños, a lei indíxena exixía as comunidades indíxenas. Antes costaba-nos moito dicir que éramos indíxenas, a causa da discriminación e marxización e os maltratos na cidade. Chegamos a rexeitar a nosa identidade. Pese a todo, seguimos subsistindo como povo, coas nosas cerimoniais, algunhas unha mistura entre o relixioso e o noso.

## **Existe unidade de criterios entre as diferentes organizacións atacameñas?**

É difícil estar nun cargo cando algúns grupos indíxenas queren outra cousa. Cando proxectan o gaseoduto [que, procedente de Arxentina, pasa por terras atacameñas] non podemos negar-nos, porque a terra non é nosa. A terra foi-nos entregada polo goberno como título de dominio, mas non somos donos do territorio, non podemos negar-nos a que pase o gaseoduto. Sen embargo, cando atacan o noso patrimonio, facemos-llo pagar caro: a empresa

GasAtacama foi multada con 12 millóns de pesos [4 millóns de pesetas] pola destrución de petroglifos e obrigada a reconstruí-los. Algúns grupos de xovens critican a exhibición das mómias dos nosos antepasados no museo [Museu Gustave Le Paige, fundado en 1955]: eu tamén creo que está mal, mas tampouco podo asumir unha responsabilidade que non asumiron no seu momento. Todos estes grupos de xovens, apesar de ser indíxenas atacameños, foron vivir e estudar fora, e veñen co ánimo de vir a pelexar. A nosa organización non está para ir pelexar. O povo atacameño é distinto ao mapuche. Entendemos aos mapuche e lamentamos que non se chegue a un acordo no conflito de Ralco. Creo que teñen que seguir pelexando, mas non do xeito en que o están facendo. Moitos mapuche viven en Santiago e queren facer o que non lles corresponde facer a eles. Eu son respeitosa. En Peine [un dos povos atacameños, ao sul do Salar de Atacama], por exemplo, negociaron cunha empresa mineira a cesión das águas subterráneas. A comunidade, após moitas reunións, dixo que si, a cambio de recursos que van quedando no banco para invertir no povo. Eu non lles vou negar o dereito, se eles son os que viven ali, non nós, que vivemos en San Pedro. Eu respeito moito as decisións das comunidades, apesar da grande preocupación que é para nós o uso industrial da água nun lugar desértico como Atacama. Mas houvo grupos que non aceitan iso.

## **[Enderezo de contacto: Mirta Solís, Tocopilla s/n, San Pedro de Atacama, II Región, Chile]**

<sup>1</sup> Valentín Vilca, tesoureiro do Consejo de Pueblos Atacameños e presidente da Comunidad Atacameña de Quito (a carón de San Pedro), di-nos: "O cuzno? Por desgraza os españois cortaron-nos a lingua. Hai avoñados que falan o

*Rapa Nui é unha illa do pacífico, a 3.600 quilómetros de Aya Yala, anxionada por Chile en 1888. A poboación da illa decreceu (de 20.000, segundo algunhas fontes, até os actuais 3.000 habitantes) despois dos primeiros encontros cos europeos. En 1862 os peruanos secuestraron da illa un milleiro de illeus como escravos (incluíndo o rei e os maori ou anciaos depositarios da cultura) dos cais case todos morreron. Os superviventes serviron para diseminar epidemias entre os resto dos rapa nui. Entre 1870 e 1877 o comerciante francés Jean Baptiste Doutroux-Bornier transformou a illa inteira nun rancho, expulsando os illeus ás plantazóns de Tahiti. Na illa ficou só un cento deles, que acabarian por rebelarse e matar o delincuente francés. Despois de estar baixo o dominio de diferentes empresas capitalistas, a illa estivo baixo controle militar até 1960. En 1973 volverían ocupá-la os militares.*

*Mercedes Alonzo entrevistou a Juan Pakarati Araki, presidente da asociación Pae Pae Here Tainga ("Fogar de irmaos"), o 27/8/98 no cerro Welén (Santiago).*

**-Pae Pae Here Tainga é unha asociación rapa nui que funciona en Santiago desde hai tres anos. Que motivos vos impulsaron a organizar-vos fora da illa?**

Propuxemo-nos a recuperación e a difusión da cultura rapa nui entre as nenas e os nenos que viven en Santiago de Chile, ao tempo que ofrecemos axuda informativa e legal para todas e todos os rapa nui que viven fora da illa.

**-Cal é o número de rapa nui emigrados ao continente?**

Na illa viven actualmente 3.000 habitantes, e en Santiago vive-mos emigrados uns 400. Comparativamente, somos poucos os que abandonamos a illa. A principal razón que nos impulsa a vir ao continente é a de formar-nos na universidade. Para facilitar estas saídas por estudos o goberno de Rapa Nui e o chileno chegaron a un acordo que posibilitou que o transporte aéreo sexa gratuito para nós.

**-Non hai posibilidade de estudar na illa? Existe un ensino en rapa nui?**

Ali imparte-se até grao medio. As escolas contan con profesorado indíxena que imparte o ensino en rapa nui, que segue a ser o idioma maioritario na illa.

**-Existe un goberno autónomo na illa?**

Existe a figura do gobernador, nomeado polo goberno chileno, mas que non ten capacidade para tomar ou aprobar decisións que atinxan a illa. Estas son debatidas e aprobadas polo "Consello de Anciaos", órgano formado por un presidente (Alberto Hoto, que formou este Consello hai vinte anos e colaborou na promulgación da Lei Indíxena), sete rapa nui de certa idade e catro persoas novas. O seu

obxectivo principal é o respecto á Lei Indíxena e ao povo rapa nui.

**-De que ferramentas dispoñedes para conservar a terra?**

A Lei Indíxena foi promulgada co obxectivo de que as tres étnias indíxenas maioritarias en territorio chileno (aymara, mapuche e rapa nui) desfrutaran dun territorio propio. En Rapa Nui o Consello de Anciaos criou e respaldou a Lei Pascua co fin de que a terra pascuense só poda ser arrendada por un período de cinco anos non renovábeis, para evitar que empresas e propietarios estranxeiros podan quedar-se coa terra. A entrada e a permanencia de capital e propietarios estranxeiros levaría á inevitável perda ou "deformación" da cultura rapa nui. Nestes momentos, o capital estranxeiro con mais peso é o francés no campo da hostelería. Esta Lei, protexida pola ONU, foi até o de agora respaldada por todas as empresas e particulares que invirten na illa.

**-Iso quer dicir que toda a terra da illa pertence ao povo rapa nui? Existe algun conflito co goberno chileno?**

Os rapa nui son os donos da terra. Hai unha parte ocupada polo fisco, onde se crian animais e plantas. O goberno chileno quer que estas terras se entreguen á xente que as ocupan (chilenos, non rapa nui). O conflito orixinou-se cando o Consello de Anciaos considerou que o goberno chileno non tiña autoridade para facer esas cesións. A concesión da terra ten que ser realizada polos rapa nui, non por chilenos.

En 1988 houbo unha pequena revolta en relación coa bandeira: o goberno chileno quería impór a súa: ao final está presente nos edificios oficiais chilenos, mas a bandeira rapa nui utiliza-se no resto.

**-Vós non vos identificades como chilenos.**

Somos polinésios. Os rapa nui organizamo-nos no chamado Triángulo Polinésio, formado hai oito anos: Samoa, Tahiti, Nova Zelandia e Rapa Nui. Todos nos consideramos polinésios. Unimo-nos para defendermo-nos uns aos outros ante calquer problema que poda surxir en calquer das illas. Temos reunións cada dous ou tres meses en territorio neutro. O obxectivo fundamental é a creación dunha lei de protección para o Triángulo Polinésio a nivel internacional que garanta a supervivencia das étnias, que impida que as decisións sexan tomadas polos gobernos ocupantes (Chile, Franza, EUA), e facilitar a creación dun Estado polinésio independente destes poderes coloniais. A redacción deste proxecto de lei estara rematada para fin de ano, para presentar-la á ONU para a súa aprobación.

[Enderezo de contacto: Juan Pakarati Araki, Centro de Exposiciones de Arte Indígena, Cerro Huelén, Alameda 499, Santiago de Chile]

## Os Rapa Nui



**Pete Seeger**, un clásico do folclore norteamericano protestón, rebelde e igualitarista deste século, ven de ser homenaxeado coa edición dun dobre cedé (**Where have all the flowers gone, the songs of Pete Seeger**), que recolle algunhas das moitas cancións, suás e de mais de toda unha xeneración fundamentalmente, mas non só, estadounidense.

Nada menos que **Bragg, Browie, Collins, Paxton, Donovan...** poñen o seu saber facer e, como as cantigas, os estilos, as culturas e as vidas rematan por compoñer un mosaico diverso e rico en matices...

**Ani Difranc** marca-se unha deliciosa *My name is Lisa Kalvelage*, que glosa ás mozas que se frearon cos seus corpos espidos un comboio que trasladaba napalm camiño de Vietnam; **Tish Hinojosa** borda un corrido bilingüe *Festival of Flowers* de livres cantos ao vento; **Bruce Springsteen** canta un *We shall overcome*, o "venceremos nós" de por aquí, nunha versión que a pesar de aproximar-se a unha nana, non perde a forza do canto negro...

En fin, se **The Weavers** despiden un dos cedés con *Wimoweh* (o león está durmindo. Para a étnia Zulú, o león, desaparecido hai 150 anos das súas terras, un día despertará), Pete Seeger despide o segundo cun terminante *And still I am searching*, (aínda ando á busca).

Sinalar finalmente o terrível inquerito enviado pola editora dos cedés (Appleseed), nada mais que un verdadeiro retrato do consumidor que osara respostar. O mercado non perdoa, parece. No prezo tam-pouco.

I.B.

## Where Have All the Flowers Gone

The Songs of Pete Seeger



VOLUME 2

### Zapatismo y contrazapatismo. Cronología de un enfrentamiento.

Mariola López e David Pavón  
Turalia Ediciones, Buenos Aires,  
1998. 684 páxinas.

Catro anos despois do alzamento zapatista, meio esquecida a súa liuita, aparece este libro asinado por dous membros da Frente Zapatista de Liberación Nacional (FZLN), residentes en Compostela (onde presentaron Zapatismo y contrazapatismo) e un deles, David Pavón, colaborador ocasional de Outrasvozes.

Aprendimos do zapatismo lendo os seus comunicados e as cada vez mais raras crónicas xornalísticas. Zapatismo y contrazapatismo, xa desde o título, oferece-nos tanto a visión da guerrilla e as súas bases como a do outro lado. A estratexia é moi interesante porque nos obriga a situarmos no contexto histórico para enterdermos mellor as accións e reaccións. López e Pavón non nos dan interpretacións, non fan análises: limitan-se a recoller comunicados, entrevistas, informes, artigos xornalísticos do día sinalado ou de días posteriores que fan referencia ao día sinalado. Si toparemos interpretacións e análises na obra, mas non son os dos recompiladores, senón esas opinións e análises que van surxindo día a día ao longo do conflito desde todos os puntos da

sociedade.

Cada parágrafo leva unha numeración correlativa que nos permite ler o libro de dous xeitos: ben linealmente, como historia (o que nos permite acudir a un día concreto para saber que pasou e cais foros as reaccións ante tais acontecementos), ben através do que os autores chaman liñas temáticas de consulta, que nos permiten escoller un tema ou unha preocupación particular para poder segui-la doadamente ao longo da cronoloxía destes catro anos. Zapatismo y contrazapatismo non é historia, mas si unha ferramenta imprescindible para facer historia.

A.P.

### Zapatismo y Contrazapatismo

Cronología de un enfrentamiento



Mariola López  David Pavón

### ¿DISIDENTES O MERCENARIOS? OBJETIVO: Liquidar la revolución cubana,

Hernando Calvo Ospina, Katlijn Declercq  
Ed. VOSA S.L. Madrid, Junho de 1998.  
Publicado coa colaboración de SODEPAZ.

Os autores son dous xornalistas: un colombiano e unha belga, que nos ofrecen unha visom polo interior da disidència cubana. Começa com unha introdución de 18 páxinas sobre a historia recente de Cuba desde a revolución de 1959 até os anos 80, incidindo em un percorrido polos moitos atentados que EEUU artelhou en contra da soberanía da ilha. O grosso do contido está constituído por diferentes entrevistas a persoas relacionadas de algun xeito coa Cuba exterior. Políticos, empresarios, paramilitares, o bispo auxiliar de Miami, responsáveis de ONGs,... responden a preguntas moitas veces incómodas sobre a actividade dos organismos em que están implicados em relación ao regime cubano. As respostas amosan ademais a intervención de agências de intelixencia estrangeiras em intentos de desestabilizar ao goberno cubano e inserir em asuntos internos do país. Cada unha das entrevistas venhem encabezadas por unha breve introdución na que se contextualiza à pessoa entrevistada. Pecha o libro unha poética conclusom onde os autores transluzem a súa solidariedade coa revolución, e remata-se com un anexo documental e fotográfico.

M.C.



**Ka feipituan**

**Ka feipituan ñi mongelen,  
ñi ũlkantumeken  
kachill kiñe trayen  
mollfũñ trayen.**

**Rantuañin ti antũ  
¿chew kũpaimi?  
rupale tripantũ  
ka feipituan.**

**Alepue mapu kũpan pian  
amulen, amulen  
akũpu puan  
doy ayẽple wanglen.**

**Volverei**

**Volverei dizer que estou vivo  
que estou a cantar  
perto de un manancial.  
Manancial de sangue!**

**Perguntarei ao sol  
donde ven  
e se pasan os anos repetirei  
o mesmo.**

**Veño das terras de Alepue, direi  
avanzo, avanzo  
quero chegar mui lonxe  
alén do umbral das estrelas**

**Poema mapuche**

*Unha muller mapuche fuma nun descanso das mobilizacións en protesta polo salto que Endesa constrúe nas súas terras, en Chile.  
(Foto: Mercedes Alonso)*